

nº 2131

PUBRICACIÓNS do
SEMINARIO de ESTUDOS GALEGOS

SEIÇÃO de PREHISTORIA

DIRIXIDA POR FLORENTINO L. CUEVILLAS

e SEIÇÃO de ETNOGRAFÍA e FOLKLORE

DIRIXIDA POR VICENTE RISCO

Catálogo dos Castros Galegos

FASCÍCULO IV


Bisbarra de Melide




REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 5188

Biblioteca



Catálogo dos Castros Galegos



PUBRICACIÓNS do
SEMINARIO de ESTUDOS GALEGOS

SEICIÓN de PREHISTORIA

DIRIXIDA POR FLORENTINO L. CUEVILLAS
e SEICIÓN de ETNOGRAFÍA e FOLKLORE

DIRIXIDA POR VICENTE RISCO

Catálogo dos Castros Galegos

FASCÍCULO IV

Bisbarra de Melide



SECRETARIA DE AGRICULTURA
E RECURSOS RURAIS

MINISTRO DA AGRICULTURA
E RECURSOS RURAIS

SECRETARIA DE AGRICULTURA
E RECURSOS RURAIS

SECRETARIA DE AGRICULTURA
E RECURSOS RURAIS



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

BISBARRA DE MELIDE


O «Mapa prehistórico de la villa de Mellid y sus alrededores», publicado no artigo *Protohistoria* (1) de Eduardo Alvarez Carballido, foi o guieiro que facilitou a nosa laboría catalogadora.

A pesares de abranguer aquíl mapa unha área xeográfica moito mais estensa que a comprendida nos concellos de Toques, Melide e Santiso, que foron obxecto do noso estudo e apesares de termos esgotado todol-os medios de información, ca cobiza de que ningún castro quedara fora de catálogo, son poucas as reitificacións, que, no relativo ó número e emprazamento das acrópoles, temos que facer ó coitado traballo do distinto arqueólogo melidense.

Respeito ó método de catalogación seguíuse o mesmo empregado xa pol-o Seminario n-outras bisbarras galegas, (Val do Barbantiño, Celanova, Lalín, Santiago, Saviñao e Carballiño), adicando unha papeleta a cada estación, con cróniques e apartados sobre emprazamento, defensas, mensuras, particularidades observadas, folklore e bibliografía, e pondo por remate algunhas consideracións arqueolóxicas e outras folklóricas, ó xeito de resume do dito nas papeletas.

(1) *Protohistoria*. «B. de la R. A. Gallega», vol. II, número 12, páx. 274, Abril 1907,

MAPA DOS CASTROS DA BISBARRA DE MELIDE





- I CODESAL
- II CASTRO DE LOBOS
- III OS CASTROS DE BRAÑAS
- IV BRAÑAS
- V PARADELA
- VI GRAÑA
- VII VILAMOR
- VIII PIÑEIRO
- IX SAN XIAO DO MONTE
- X VILOURIZ
- XI OLEIROS
- XII CASTRO PEDRO
- XIII SANTALLA
- XIV PARAÑOS
- XV DONIDE
- XVI MARRÁS
- XVII PEDROUZOS
- XVIII BALTAR
- XIX SAN SALVADOR
- XX CORBELLE
- XXI BARREIRO
- XXII MELIDE
- XXIII MEIRE
- XXIV PIÑOR
- XXV MOLDES
- XXVI SAN COSME
- XXVII CAMPOS
- XXVIII VARELAS
- XXIX SAN ROMAO
- XXX VILAR DE FERREIROS
- XXXI VIMIANZO
- XXXII BEIGONDO
- XXXIII VISANTOÑA
- XXXIV PEZOBRÉS.
- XXXV SEIXAS
- XXXVI NOVELA
- XXXVII SERANTES
- XXXVIII QUINZÁN
- XXXIX BARAZÓN

É posíbre que a parte de folklore castrexo pareza desprazada do lugar que debía ocupar n-iste volume, mais como o presente catálogo é unha parte do xeneral de Galicia que o Seminario leva xa bastante adiantado, vémonos na obriga de desglosala da seición etnográfica e de axuntala á prehistórica, asegún se veu facendo n-outros fascículos denantes publicados.

Os castros recollidos no noso inventario son os seguintes:

Número I

CASTRO DO CODESAL



CASTRO DO CODESAL

tros citados nos *Manuscritos* de P. Sobreyra, como pertescentes á parroquia da Capela. (Catalogado por Xosé Ramón F. Oxea, E. Camps, Amador Rodríguez Martínez, Antonio Fraguas e Florentino López Cuvillas).

EMPRAZAMENTO.—Ocupa integramente un outeiro de cota moi baixa, situado a uns 900 metros cara ó sul do lugar dos Curros, que pertesce á parroquia da Capela e concello de Toques.

DEFENSAS.—Un parapeto de 2 a 14 metros de alto, que desaparece por completo no oeste e noroeste e un terrapén de 3 a 8 metros ben visíbre en toda a volta da área cercada.

MENSURAS.—De forma ovalada mede iste castro.

Do norte ó sul. 74 metros.

Do leste ó oeste. 39 metros.




OBSERVACIÓNS.—A acrópole alcóntrase coberta de codesos e partida en dirección nortesul por un valado moderno.

No norte óllase a porta de 1-50 metros de ancho, e de 12 de longo, flanqueada por dous reviramentos do muro cara ó interior e reforzado o da esquerda por unha pena que alí se ergue, e que debeu ser utilizada como un bastión natural.

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Debe ser un dos dous cas-

CASTRO DE LOBOS



CASTRO DE LOBOS

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Citada nos *Manuscritos* do P. Sobreyra como pertescente á parroquia de Paradela.

No *Mapa de Galicia*, de Fontán, aparece o lugar de Castro de Lobos mais non se sinala a acrópole.

Rexistrado co número 6 no Mapa de Alvarez Carballido.

(Catalogado por E. Camps, Xosé Ramón F. Oxea, Amador Rodríguez, Antonio Fraguas e Florentino López Cuevillas).

EMPRAZAMENTO.—No remate de unha chá que cai en pendente rápida sobre o leito de un regato. Sitúase o castro á 100 metros cara o leste do lugar de Castro de Lobos, parroquia da Capela e concello de Toques.

DEFENSAS.—Un parapeto de 3 á 7 metros de altura que desaparece no norleste, norte e leste, e un terraprán de 4 á 6 metros, que se conserva en toda a volta da fortificación.

MENSURAS.—De forma irregular mede iste castro:

Do norte ó sul. 46 metros.

Do leste ó oeste. 45 metros.



OBSERVACIÓNS.—A entrada única que presenta ista acrópole está situada entre o sul e o suloeste e parez ser moderna.

Todo o recinto castrexo está coberto de xestas e carballizos que imposibilitan calquer observación.

Número III

OS CASTROS DE BRAÑAS

EMPRAZAMENTO.—No remate de unha chá que pol-o oeste e suloeste baixa en pendente viva deica o leito de un regato. O castro queda pol-o noroeste apegado



OS CASTROS DE BRAÑAS

do o lugar chamado Os Castros, que pertesce á parroquia de Brañas e concello de Toques.

DEFENSAS.—Están dispostas de un xeito complicado, pouco frecuente nas fortificacións castrexas da bisbarra e aínda de Galicia. A ista ordeación compri-

cada axúntase, pra facer pouco doado o traballo croquizador, a circunstancia de teren os cultivos e os valados e quenlles que dividen as leiras desfigurado considerabemente o xeito primitivo das fortificacións. Debemos pois, denantes de entrar a describilas, acentuar o carácter provisorio da laboría topográfica que levamos á cabo. Dexérgase, en primeiro lugar, craramente un recinto central protexido por un parapeto de 8 a 3 metros de alto e por un terraprán de 8 a 15, bastante pino n-algúns sitios. O parapeto consérvase en toda a volta, agás n-un pequeno anaco da banda do sueste.

Ô pe do terraprán e pol-o noroeste, norte, norleste e leste corre un foso de 3 metros de ancho, que pol-o noroeste articúlase co terraprán de un antecastro que corre toda a banda do poniente, provido do seu terraprán e separado en dous recintos por unha muralla de 15 metros de longo.

Por baixo de iste primeiro antecastro debía desenrolarse outro, cuías liñas están oxe moi esmorecidas, mais que se albisca nídiamente en certos lugares, onde o aterro se conserva e tamén no aplainamento patente do terreo.

Pol-o naciente, esténdese outro antecastro, cuio terraprán de 6 metros de alto ven morrer normalmente ô pe do recinto central.

MENSURAS.—Mede iste recinto central:

Do norte ô sul. 71 metros
Do leste ô oeste. 50 metros

O primeiro antecastro do poniente mide:

De ancho máisimo 65 metros
De longo máisimo 42 metros

A longura do segundo antecastro de ista banda debía ser de uns 30 metros, e o antecastro do lado do leste desenvólvese medindo:

De ancho máisimo 41 metros
De longo máisimo 33 metros

OBSERVACIÓNS.—O recinto central conserva unha porta antiga, que ofrece a particularidade de estar defendida por dous reviramentos do parapeto, cara ô exterior, en vez de telos cara ô interior, que é a disposición mais frecuente.

A carón de ista entrada óllase outra praiticada no terraprán do antecastro, antiga tamén posiblemente e por último no antecastro exterior vése con enteira craridade un quenlle longo e atuado a meias que interpretamos como unha entrada ou porta feita ô xeito de unha congostra fonda.

N-iste castro, como nos máis da bisbarra, os cultivos e a vizosidade da vexetación que cobre as defensas impediúnos o comprobar se teñen revestimento de pedra.

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.




BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 13 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antonio Fraguas, Amador Rodríguez Martínez, Xosé Ramón F. Oxea, E. Camps e Florentino López Cuevillas).

Número IV

CASTRO DE BRAÑAS

EMPRAZAMENTO.—Ocupa integramente o cume de un monte, de salvaxe fermosura, que dende o leste ó suloeste baixa en pendente pina e longa deica o río Furelos, caíndo pol-o restante da volta, en costa moito máis corta sobre unhas veigas, que andaban á millo cando nós visitamos aqueles lugares.



CASTRO DE BRAÑAS

Queda o castro á uns 500 metros cara o su-loeste da aldeíña da Armada, pertescente á parroquia de Brañas e concello de Toques.

DEFENSAS.—Un parapeto de 2 á 4 metros de alto que se conserva soio dende o leste ó noroeste, pasando pol-o norte e un terraprén visíble en toda a volta, e alto de 9 á 4 metros.

MENSURAS.—De xeito tendente á circular mede:

Do norte ó sul. 56 metros

Do leste ó oeste. 63 metros

OBSERVACIÓNS.—Entre o norte e o norleste óllase unha porta antiga de 5 metros de ancho e de 9 de longo, encaixada entre dous reviramentos do parapeto cara o exterior que atinguen 7 metros de alto.

Na área fortificada tivemos ocasión de recoller varios anacos de tégulas.

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Amador Rodríguez Martínez e Antonio Fraguas).

Número V

CASTRO DE PARADELA OU DE MONTELÉN

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte bastante alto, situado á uns 600 metros por riba e cara o norleste do lugar de Paradela, parroquia de San Paio de Paradela e concello de Toques.

DEFENSAS.—Un terraprén de 9 á 12 metros de alto e un parapeto que chega no leste á erguerse 7 metros sobre o recinto cercado. Iste parapeto alcóntrase por comprobante caído nas bandas do norte e do norleste.

Ô pe do terraprán debía correr un foso, oxe cegado, e que se sinala por un escalón ben visibre.

MENSURAS.—De forma tendente á trapezal, mede:

Do norte ô sul. 41 metros
Do leste ô oeste. 58 metros

OBSERVACIÓNS.—N-algunhas pequenas encetaduras do valo ou parapeto óllanse pedras soltas, sen chegarse así e todo á percibir un muro obrado. Na área cercada hai asimesmo espaxadas numerosas pedras que deben proceder ou das obras defensivas ou de casarellas.

No sueste apreciase un portelo de 2 metros de ancho, que fende por enteiro o parapeto e o terraprán e que semella estar flanqueado por lixeiros reviramentos da cerca cara o interior. A disposición de ista entrada quizáis corresponda á unha antiga porta do castro.

Atopouse hai pouco n-iste castro un muíño de man.


FOLKLORE.—O tema das trabes, áchase eiquí baixo a forma de tres vigas; unha de ouro, outra de diamante e a terceira de alquitrán, que toupas en labaradas, si se lle toca. As tres van dar ô castro Pedro.

Pol-o norte e ô pe do monte onde se asenta a acrópole pasa un regato que se chama o río de Tras do Castro. N-il e n-un puzo que se coñece pol-o *Puzo negro*, era onde os mouros que habitaban no castro levaban á beber ôs seus cabalos.

«A tía Anxela de Rendos (q. e. p. d.) contaba que na súa mocidade, un día en que andaba en procura do gado pol-os terreos

do castro, ouvíu uns soídos coma de xouselos e campanillas que saían do fondo do castro».

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 14 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Eleuter González Salgado e Florentino López Cuevillas).



CASTRO DE PARADELA OU DE MONTELÉN

CASTRO DA GRAÑA

EMPRAZAMENTO.—N-un monte de cota bastante elevada que se ergue na marxe esquerda da estrada de Melide a Figueiras, pouco despois de pasar o lugar de Souto.


Está encravado o castro nos termos da parroquia de Capela, concello de Toques e moi perto da aldea de Mourelos, cuías casas agrúpanse na caída suloeste do monte, case por baixo do cume fortificado.

DEFENSAS.—Teñen a disposición e a manitude correntes nas acrópoles de ista bisbarra, e redúcense a un terraprán de 2 a 10 metros de alto e a un valo de 2 metros, que desaparece nas bandas do oeste e suloeste.

MENSURAS.—De forma case circular mede:

Do norte ó sul. 51 metros

Do leste ó oeste. 68 metros



CASTRO DA GRAÑA

OBSERVACIÓNS.—Ren que teña verdadeiro intrínseco poidemos dexergar na área cercada, que pol-a banda do noroeste áchase comunicada co exterior por un portelo estreito que semella ter sido practicado modernamente.

FOLKLORE.—«Do castro da Graña parten dúas veas, unha de ouro, que vai parar ó castro de Paradela, e outra de alquitrán que chega deica o castro Pedro».

«A vea de ouro está tan superficial que por riba de ela andan os carros, soio que se non ve, porque o ouro aquí imítase á pedra».

«A carón de istas veas hai minas que van fondas por baixo da terra, e que non son outra cousa que os camiños que teñen os mouros

pra comunicarse os de un castro cos de outro».

BIBLIOGRAFÍA.—É seguramente un dos dous castros citados, na parroquia da Capela, nos *Manuscritos*, do P. Sobreira.

Rexistrado co número 12 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antonio Taboada Roca, Eleuter González Salgado e Florentino López Cuevillas).

CASTRO DE VILAMOR

EMPRAZAMENTO.—Costruído no cume de un monte de forte cota, que se ergue por riba do río Furelos que pasa pol-o sul do monte. Na parroquia de Vilamor e concello de Toques.

DEFENSAS.—Ten parapeto, terraprán e foso. O primeiro érguese de 3 á 6 metros sobre o interior do castro, baixa o segundo en pendente pina de 12 á 14 metros e corre o terceiro pol-o norte e o leste c-un ancho de 5 metros.

Pol-a banda do sul o terraprán continúa case na ladeira do monte que é alí de pendor moi pronunciado.

MENSURAS.—De xeito ovalado mede:

Do norte ó sul . . . 52 metros


Do leste ó oeste . . . 73 metros

OBSERVACIÓNS.—Ten iste castro a porta ordeada n-un estilo relativamente abondoso na bisbarra. Entre o oeste e o suloeste presentan o terraprán e mais o parapeto unha solución de continuidade de 7 metros de ancho. Por fora e á carón de ela érguense dous abultamentos que deixan entre sí un espacio de 8 metros.

FOLKLORE.—Hai n-iste castro, ase-
gún informe de unha moza, filla do Ares,
de Rañóia, tres vigas; unha de ouro, ou-
tra de prata e outra de alquitrán, que
alampa en lume si se lle toca.

«Contan que a casa de Fraga me-
drou á conta de un encanto que había
no castro, e tanto medrou que hastra
tivo crego na casa. Pois o amo de ela

leváballe moita vida pra comer e vestirse i-en troques o *encanto* dáballe cartos. Il non podía decir nada de nada, pro a muller fixo e fixo e conseguiu que o home lle dixera o conto. Foise outro día o Fraga ó castro e déronlle unha saia pra a



CASTRO DE VILAMOR

muller, mais il, sabe Dios porqué, colgou a saia n-un albre e de supeto todo se alapou e queimouse todo. Dendes de aquela non volveu o Fraga ó castro».


(Informounos unha muller chamada Manoela a Taberneira).

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 22 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Antonio Taboada Roca, Eleuter González Salgado, Antonio Fraguas e Amador Rodríguez Martínez).

Número VIII

CASTRO DE PIÑEIRO

EMPRAZAMENTO.—N-unha chá domiñada de perto por outeiros veciños O castro queda case ó pe do lugar de Piñeiro, parroquia de Santo Tomé de Man-



goeiro, concello de Toques, e pecha a entrada do val da Bragaña.

DEFENSAS.—Son moi sinxelas e rexas e consisten n-un parapeto de 2 á 8 metros de alto e n-un terrapén de 10 a 17.

MENSURAS.—De xeito ovalado mede:


Do norte ó sul 60 metros

Do leste ó oeste 83 metros

OBSERVACIÓNS.— En toda a volta da cerca, non se ve outra entrada que unha practicada no sueste e parez moderna.

O castro está coberto enteiraemente por unha mesta carballeira que non-os permitiu observar á xeito a súa superficie nín a estrutura dos terrapréns, mais pol-a altura e pendor que conservan, coidamos que debeu ter revestimento de cachote.

FOLKLORE.—«Hai tres vigas por baixo da terra que



CASTRO DE PIÑEIRO

van bater ó Castro Pedro: unha é de ouro, outra de prata e a outra de alquitrán.


Si se esgarabella na terra pra atopálas e se dá coa de alquitrán, entón alápase toda en lume».

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrada co número 21 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Sebastián González e Antonio Taboada Roca).

Número IX

CASTRO DE SAN XIAO DO MONTE

EMPRAZAMENTO.—No cume do monte da Grela, parroquia de San Xiao do Monte e concello de Toques.




DEFENSAS.—Un parapeto, ó parecer de terra, de 5 metros de alto; un terraprén de 10 metros e un foso de 3 metros de ancho, que desaparece na banda do oeste.

MENSURAS.—De xeito ovalado mede:

Do norte ó sul . . . 40 metros

Do leste ó oeste. . . 60 metros




OBSERVACIÓNS.—Entre o oeste e o suloeste presenta o parapeto unha solución de continuidade, de 6 metros de ancha, flanqueada por dous abultamentos ben visibres.

Coidamos que tal dispositivo debe corresponder ó de unha antiga porta castrexa.

FOLKLORE.—Asegún nos dixo o taberneiro de Toques o castro fora feito pol-os mouros que viviron n-il moitos anos e que se viron obrigados á abandoalo por mor das guerras.




BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 15 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Ramón Otero Pedrayo e Antonio Fraguas).



CASTRO DE SAN XIAO DO MONTE

CASTRO DE VILOURÍZ OU DE MANGOEIRO



CASTRO DE VILOURÍZ OU DE MANGOEIRO

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro da parroquia de Vilouríz, concello de Toques.

DEFENSAS.—Un parapeto de 11 á 1 metro de alto, que desaparece na banda do oeste e un terraprán cuxa altura vai dos 9 ós 10 metros.

MENSURAS.—Mede iste castro:

Do norte ó sul 98 metros

Do leste ó oeste 94 metros

OBSERVACIÓNS.—Entre o sul e sudoeste hai unha solución de continuidade no parapeto, que coidamos obra moderna.

O mesmo o parapeto que o terraprán, que se conservan perfectamente n-algúns lugares teñen un revestimento de cachote en seco, sendo posíble que a primeira de istas defensas estea construída totalmente con pedra. Pedras pequenas alcóntranse tamén, á fartura, no recinto cercado.

FOLKLORE.—Non se pudo acadar ningún.




BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 23 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antonio Taboada Roca e Sebastián González).

CASTRO DE OLEIROS

EMPRAZAMENTO.—N-un contraforte do monte do Castelo, á uns 200 metros do lugar da Eirexa, parroquia de San Martiño de Oleiros e concello de Toques.

DEFENSAS.—Deberon constar primitivamente de parapeto, terrapén e foso. Iste derradeiro dexérgase aínda oxe con nitidez no leste, sueste e sul e o parapeto e o terrapén, cuio alto vai respectivamente de 4 á 6 metros e de 4 á 14 metros,



CASTRO DE OLEIROS

(Catalogado por Antonio Fraguas, Antonio Taboada Roca, Eleuter González Salgado e Amador Rodríguez Martínez.

aprecianse por total-as bandas, agás na do oeste, onde total-as obras defensivas alcóntranse derrubadas pol-os traballos agrícolas ou desfiguradas por muros modernos.

MENSURAS.—Son as seguintes, debéndose advertir que a correspondente ó oeste dáse soio como aprosimada:

Do norte ó sul. . . . 62 metros

Do leste ó oeste. . . . 80 metros

OBSERVACIÓNS.—Na superficie do castro non se olla ningún resto arqueolóxico. N-ela ou perto de ela apareceu un machado de talón de un anel e de 142 mm. de longo, que estivo en poder de D. Alfredo Alvarez, de Melide.

FOLKLORE.—Xohan Alvarez de 81 anos, díxonos que o castro fora feito pol-os *sarracenos* e que se contaba que había alí unha muller encantada e unha galiña con pitos.

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 30 no *Mapa*. de Alvarez Carballido.

CASTRO PEDRO

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte de 6,91 metros de altitude, situado na parroquia de Folladela, concello de Melide e á man esquerda da Estrada de Melide á Toques.

DEFENSAS.—As pinas vertentes do monte e unhas penedas emprazadas na leira do recinto fortificado, fan unha excelente defensa natural nas bandas do sul e do leste. Na do norte, dexérgase un parapeto de cinco metros de alto e un terrapén de oito, feito sen muro aparente de revestimento.

Pol-o oeste e norte, esténdese un antecastro cuia maior anchura é de 29 metros, cinguido por un terrapén de seis metros de alto e por un foso que se acusa nidiamente na parte meridional, presentando as súas paredes cortadas verticalmente.

MENSURAS.—Mede o recinto central do castro:

Do norte ó sul. 44 metros

Do leste ó oeste. 50 metros


OBSERVACIÓNS.—É de notar na arquitectura de ista acrópole o bo aproveitamento das condicións naturais de defensa que se percibe claramente nas bandas do sul e do leste, onde a liña de fortificación foi precurar as penedías que habían servirle de excelente parapeto.

Débese notar asimismo a falla de unión, pol-o norte, do antecastro co castro, anomalía que debe averse á terse derramado ás obras defensivas no lugar en que a xuntanza se verificaba.

FOLK-LORE.—«Un rapaciño de Ordes andaba gardando o gado e ó chegar ó castro aparecéulle unha muller c-unha tenda, decíndolle»:

—«Nenino; *que cosa es que te gusta más de esto.*»

--«Pois, señora, gústanme istas tixeiriñas.



CASTRO PEDRO

—«Boeno, ven mañán por elas; pero trai un molete de pantrigo e unha taza de manteca, *que te las he de dar.*

Ó día seguinte, o rapaz foi ó castro e sentouse encima de unha pedra, pousando a

taza e máis o molete. Cando quixo erguerse, notou que estaba apegado á pedra, i-era que contara na casa o sucedido no monte e non dira tino do segredo que a moura lle encargara.»

«Chegando a noite, ouviu unha voz que lle dixo:»

—«Nenino, vaite, que teñen moita pena por tí na tua casa.»

O rapaz marchou, mais a manteiga e o pantrigo quedaron apegados pra sempre.»

* * *

«N-iste castro hai tres trabes; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán, que veñen dende o castro de Paradela. Como non se pode tocar á de alquitrán, pois todo estouparía, non se poden coller as outras, que porían rica á toda a vecindade.»

* * *

«Din tamén que no castro hai unha *señorila* encantada. Remaneceu a historia do encanto porque un endivido diste país, caira prisioneiro da mourería, alá pol-as Castillas; mais, un día que nevaba, dixo il: cando acó neva, qué fará entre o castro Pedro e o castro de Paradela. Ouvírono os mouros i-entestonces preguntáronlle si coñecía os castros que nomeara. Dixo o preso que sí, e díxolle un mouro. Vostede podía facerse rico pra toda a súa vida si chegara a desencantare ô encanto que hay no castro Pedro.»

«Pra elo deulle o mouro tres moletes e cada un co seu periquete, decíndolle: Mira non lle crebes ningún distes periquetes, nin lle tires un soio bolisco ô pan. Ô chegar ô castro Pedro, colles un dos moletes e tíralo no meio do terreo do castro, dicindo: Aureana, Aureana, toma o bolo que che dá a tua Ana. Botal-o segundo e dis o mesmo, e sin variar nin pisca, guindas co terceiro molete.»

«Véuse o outro, xa ceibo, á casa e trougo consigo os moletes, sin lles tocar pra nada, nin deixar que outro lles puxese a man, mais a súa muller non paraba por saber o que traguía no saco, e azoroñou e azoroñou, e por cabo non soio veu e apalpou os moletes, si non que á un tiroulle o periquete.»

«Cando ô outro día pol-a mañán veu o home tal cousa, púxose que botaba lume contra a muller. Así e todo marchouse ô castro e dixo todo canto lle mandaran os mouros. Ô guindar co primeiro bolo, saiu unha señora belida montada n-unha mula moi chea, que fuxiu coma un lóstrego; botou o segundo molete e saiu outra moza do mesmo xeito. Á derradeira, guindou o bolo espinicado e de súpeto saiu outra señora non menos fermosa, pro montada n-unha mula coxa e así non puido fuxir. Enrabiouse moito a moza contra do home porque deixara espinicar o pan e máis porque deixara aquil bolo pra derradeira, pois, como lle dixo ela, si saíra na primeira, levábana as outras, e así tiña que quedarse soia no castro. Mais, denantes de meterse ô fondo da terra, deulle unha cinta dourada pra que lla puxera á muller, que lle había de estar moi ben.»

Mais o home fixo de outro xeito e atou a cinta á un albre, que n-un instantiño quedou feito borralla.»

* * *

«Dise que un home dos da casa de Fonte-Xohan, leváballe de comer e de vestir, sobre todo carne de vaca e pantrigo, á señora coxa que estaba encantada no castro. Ela en cambeo deulles moitos cartos, e a conta de iles, inda din que estudiou a carreira, Don Leoncio, capellán de D. Saturnino Calderón.»

* * *

A un burato natural de unha peneda da banda do oeste da acrópole, chámanlle: *A Taza dos Mouros*.

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número once no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Antonio Fraguas, Ramón Otero Pedrayo e Xosé Pena).


Número XIII

CASTRO DE SANTALLA OU DAS CONCHADAS

EMPRAZAMENTO.—No cume de un outeiro de pouca cota, situado na parroquia de Santalla, de Agrón, perto do seu linde ca de Maceda. Pertence ó concello de Melide.




DEFENSAS.—Moi derramadas pol-a intensidade e continuidade dos traballos agrícolas, conservándose soio un terraprén de sete á dez metros de alto e un anaco de parapeto, que se ergue pol-a banda do leste e que ten dous metros de alto sobre a superficie interior do recinto castrexo.



MENSURAS.—De forma irregular, mede:

Do norte ó sul. 65 metros.
Do leste ó oeste. 63 metros.

OBSERVACIÓNS.—Cara o suloeste, parecen apreciarse un aplainamento do terreo e os restos de un terraprén, que veñen quedar á uns trece metros da base do recinto principal.



CASTRO DE SANTALLA

É posíbre que istes vestixios, tan pouco craros, que non-os consinamos no croquis correspondente, sexan restos de un antigo antecastro oxe derrumbado.

FOLK-LORE.—Non se pudo acadar ningún.


BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 16 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antonio Fraguas e Eleuter González Salgado.)

Número XIV

CASTRO DE PARAÑOS

EMPRAZAMENTO.—Construído n-un monte situado ò norte do lugar de Paraños, parroquia de Maceda e concello de Melide.




DEFENSAS.—Consisten n-un pequeno parapeto que falla no leste e no noroeste e n-un terraprán, cuia altura vai dos seis òs oito metros.

MENSURAS.—De forma oval, mede:

Do norte ò sul. 55 metros.

Do leste ò oeste. 54 metros.




OBSERVACIÓNS.—Â entrada antiga do castro, alcóntrase, entre o sul e o sueste, representada por unha solución de continuidade do parapeto de cinco metros de ancho e por dous lenzos exteriores que deixan entre sí unha entrada de sete metros, estando desviados do recinto principal quince metros.

FOLK-LORE.—«O castro foi feito pol-os mouros e había n-il, asegún decían os vellos, moito ouro enterrado.»

(Informounos un vellote veciño de Paraños.)

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número oito no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

CASTRO DE PARAÑOS
(Catalogado por Eleuter González Salgado e Antonio Fraguas.)



Número XV

CASTRO DE DONIDE

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte de 625 metros de altitude, situado a 80 metros por riba e cara o noroeste do lugar de Donide, parroquia de Maceda e concello de Melide.


DEFENSAS.—Un terraprán de 4 a 9 metros de alto e un parapeto de 8 me-

tros, medidos pol-o interior. Ista defensa desaparece por completo no suroeste, oeste e noroeste.

MENSURAS.—De forma bastante irregular, mede iste castro:


Do norte ó sul.	56 metros
Do leste ó oeste.	63 metros

OBSERVACIÓNS.—A liña de defensas presenta no sul unha concavidade ben visíbel, que non sabemos que papel podería representar na arquitectura do castro, xa que a topografía do monte non a xustifica de ningún xeito.



No norleste óllase unha entrada de 3 metros de ancho, que semella ser moderna.

Na área cercada alcontramos algunhas tégu-las, tendo aparecido tamén cerámicas lisas e decoradas, que pol-a descrición que de elas nos fixeron, xuzgamos moi posíbel que foran de tipo castrexo.



FOLKLORE.—O tema das trabes que con tanta frecuencia e insistencia repétese nos castros melidenses, atópase tamén aquí baixo a forma de tres vigas; de ouro, prata e alquitrán.


* * *

«Por baixo do castro hai unha fontela pol-a que saí unha galiña con pitos».

BIBLIOGRAFÍA.—Iste castro debe ser o que se sinala no *Mapa de Galicia*, de Fontán, no cume do monte de *Peñas Altas*.

Rexistrado co número 5 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.


(Catalogado por Ramón Rodríguez, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas).



CASTRO DE DONIDE

CASTRO DE MARRÁS OU DO CONVENTO DE VARELA

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte, na linde das fregresías de Maceda e Orois i-entre os lugares de Marrás e Piñeiro. Queda nos têrmos da parroquia de Maceda, no concello de Melide.




DEFENSAS.—Un terraprán de 5 á 14 metros de alto, coroado por un parapeto de 2 á 7, medido dende o interior.

MENSURAS.—De xeito circular, mede o único recinto de iste castro:

Do norte ó sul. 49 metros


Do leste ó oeste. 50 metros



OBSERVACIÓNS.—Pol-o sueste ofrece o parapeto unha solución de continuidade de 4 metros de ancho. A carón de iste portelo óllanse dous lenzos de parapeto de 14 metros de longo e que deixan entre sí unha abertura de 7, estando desviados da base do castro 6 metros.

Tal dispositivo parez ser o mais frecuente nas portas castrexas de ista bisbarra e de il ocuparémonos mais adiante.

FOLKLORE.—«O castro foi feito pol-os mouros que viviron n-il moito tempo e aínda teñen oxe as casas por baixo da terra».



CASTRO DE MARRÁS OU DO CONVENTO DE VARELA

«N-algún tempo aparecían moitos *avichuchus* que eran encantos dos mouros». (Informaron Xosé García Vidal, de Maceda, e un fillo seu).

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 7 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Eleuter González Salgado e Antonio Fraguas).

CASTRO DE PEDROUZOS

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte, que a acrópole non ocupa totalmente, e á 700 metros cara o norleste da aldea de Xubial. O castro queda situado nos termos da parroquia de Pedrouzos, que pertesce ó concello de Melide.

DEFENSAS.—Constan de un parapeto, ben visibre nas bandas do leste e sueste onde atingue unha altura de 10 á 12 metros; n-un foso que corre aínda por toda a volta, agás no norte, noroeste, oeste e suloeste e que ten de ancho de 4 á 6 metros e n-un terraprén de 4 á 15 metros.

MENSURAS.—De forma tendente á oval, mede:


Do norte ó sul. 66 metros
Do leste ó oeste 50 metros

OBSERVACIÓNS.—Entre o leste e o sueste presenta iste castro unha porta que pol-o bôo estado, en que se conserva a súa estrutura, é merecente de que lle adiquemos unha atención particular.

As obras defensivas comenzan por un forte ensanchamento do muro do foso que se abre, deixando unha canella de 4 metros de ancho por 15 de longo. Entre ista canella e o parapeto e terraprén que se reviran cara dentro hai un ô xeito de rosio de 15 metros de ancho, no que desembocan o foso que ten por un lado 10 metros de ancho, n-iste lugar, e pol-o outro 6 e unha canella de 4 metros de

ancho aberta entre os devanditos reviramentos do parapeto e do terraprén e que vai bater ó interior do recinto (véxase o esquema).


FOLKLORE.—«Dín que no castro de Pedrouzos hai tres minas ou vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán. Como non se sabe cal é ista e tocarlle non se pode, pois todo canto hai no arredor queimariase, non se anda en busca das outras duas».



CASTRO DE PEDROUZOS

* * *

«N-iste castro había tamén un *señor* encantado, e de unha vez pasou por alí unha muller que daba peito. O *encanto* á quen nadie vía, chamouna pra que dira de mamar á un neníño que il tiña e levouna por unha mina moi longa hastra unha casa bonitísima. Despois que lle deu de mamar trouxo o señor unha untura e mandoulle á muller que metera n-ela os dedos e logo que lle untara os ollos ó neno. Fixoo así, mais ela case sen se dar conta pasou os dedos por un ollo seu e dende entón vía por il coma os *encantos*».



PORTA DO CASTRO DE
PEDROUZOS

«O outro día era 27 e foi a muller á feira das Cruces de Sobrado e pol-o ollo que untara veu ó *señor* do castro que ninguén mais vía. En vez de calar e de non facer caso, chamouno anque il non lle falaba».

«Ende outro día a muller foi ó castro e díxolle ó *señor*. Conque ollo me viches na feira? Ela amostroulle con coal fora e tiroullo n-aquil intre».

* * *

«Tamén dín que saía unha *señora* á estender ó sol, trigo e outros graus».

* * *

«Un vello atopou na croa do castro, sartés, picarañas e outras *marranadas* que alí deixaron os *negros*».

(Agás o derradeiro informe, debemos iste folklore á Xosé Mato, de Pedrouzos).

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 10 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antonio Fraguas e Amador Rodríguez Martínez)

CASTRO DE BALTAR

EMPRAZAMENTO.—No cume de un pequeno outeiro, coberto por unha carballeira, que se ergue ó leste do pazo dos señores de Calderón, en termos da parroquia de Santiago de Baltar, concello de Melide.





DEFENSAS.—Un terraprán de 7 á 10 metros de alto e un parapeto de 2 que soio se conserva nas bandas do norte, norleste e leste.

MENSURAS.—De forma case circular mede:

Do norte ó sul. 46 metros

Do leste ó oeste. 41 metros



CASTRO DE BALTAR

OBSERVACIÓNS.—No norleste óllase unha solución de continuidade que afecta ó parapeto e ó terraprán, que parecen revirarse e ensancharse n-aquél lugar. Por diante de iste portelo vense os restos de un pequeno valado que se axunta ó parapeto e que está fendido á carón da entrada que dá paso o recinto principal. Semella corresponder iste dispositivo ó de unha antiga porta castrexa.


FOLKLORE.—O correspondente á iste castro parez terse desprazado pras ruínas do castelo das Grovas, que está moi próximo e no que se localizan moitas lendas de tesouros e de encantamentos.

BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Antonio Taboada Roca e Amador Rodríguez Martínez).

CASTRO DE SAN SALVADOR

EMPRAZAMENTO.---N-un monticelo pequeno que está situado a 100 metros, cara o norleste do lugar do Castro, petescente á parroquia de San Salvador de Aveancos, concello de Melide.



DEFENSAS.---Un terrapén que mede de cinco a dez metros de outo, coroado por un valo de dous metros.

MENSURAS.---De forma tendente a circular, mede:

Do norte ó sul. 62 metros.

Do leste ó oeste. 79 metros.

OBSERVACIÓNS.---O valo, pol-a parte de dentro, cai perpendicularmente sobre o chan, e igoal ocorre co terrapén n-algúns lugares da volta, podéndose presumir en secuencia que un e outro están feitos de pedra.

Na banda do noroeste, hai un paso ou porta que fende o valo e diante de il, e pol-o exterior, un anaco de cerca, que se sinala oxe por unha morea de forma alongada. Coidamos que iste dispositivo corresponde á unha porta castrexa que quizáis se completara con dous reviramentos do valo, cara o interior.


FOLKLORE.---«O castro foi, dende logo, obra dos mouros, que deixaron nil moitas riquezas.»

«Un tío da nosa informante, chamado Bernaldo Fuente, aseguraba que pol-a amañecida, e ó solpor, tiña il visto moitas veces unha pombiña branca, que andaba á pasear pol-o castro.»

(Informounos María Sánchez, de San Salvador, de 48 anos).

BIBLIOGRAFÍA.---Rexistrado co número 20 no *Mapa* de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Eleuter González Salgado e Antón Fraguas.)



CASTRO DE SAN SALVADOR



A EIRA DOS MOUROS OU CASTRO DE CORBELLE

EMPRAZAMENTO.—Na ladeira, lixeiramente incrinada, de un monte, situado á un kilómetro cara o noroeste do Pazo de Corbelle, parroquia de Santa María dos Ánxeles, concello de Melide.

DEFENSAS.—Consisten n-un parapeto, un terraprén e un foso. O parapeto ten dous metros de alto e o terraprén oscila entre tres e seis. O foso soio se dexerga pol-a banda do oeste.

MENSURAS.—De forma tendente á circular, mede:

Do norte ó sul. 40 metros.
Do leste ó oeste. 43 metros.



A EIRA DOS MOUROS OU CASTRO DE CORBELLE

—«Queremos diñeiro.

—«Pois que un de vós baixe comigo ó puzo que abríchedes, que alí está o ouro.

Baixou un, axudado cunha corda, e despois baixou o que viñera d'acabalo. O outro fartouse de agardar por iles, mais aínda é oxe o día en que non voltaron.»

«Dende aquela ninguén se atreve a buscar o diñeiro dos mouros.»

* * *

«Pol-a coroa do castro anda, pol-a noite, unha cousa que corre e funga como

OBSERVACIÓNS.— A particularidade máis sainte de iste castro consiste no extraordinario do lugar do seu emprazamento. As suas fortificacións non se asentán, como de ordinario, no cume de un monte ou monticelo, nin siquiera n-unha chá, érguese pol-o contrario na ladeira de un pequeno outeiro, i-en tal situación, que todo o recinto cercado queda domiñado dende moi perto pol-o cume do monte.

Non observamos por ningures sinal de porta antiga, e o toxo, moi medrado, que cobre toda a acrópole, impediunos inquerir se hai n-ela pedras soltas ou tégulas.

FOLKLORE.—«No castro viviron os mouros. En procura das riquezas que iles deixaron atuas, viñeron dunha vez dous homes que se puxeron a cavar e abriron un puzo moi fondo. I-entón apareceu un encanto na figura de un home d'acabalo, e preguntoulles:

—«Qué queredes?

un automóvele e que, por veces, sai do sitio e camiña pol-a carretera e por outros lugares. Tena visto moita xente e hastra houbo quen se quixo achegar á ela, mais non ben fixo a intención, a cousa diulle tan grande trastazo que o guindou ô chao.»

* * *


«Parez ser que había n-un sitio do castro unha casa con todo. A lareira atopárona e quen a atopou ergeuna; mais debaixo de ela nada apareceu.»

* * *

«Na amañecida de San Xohan, sai unha galiña con pitos.

BIBLIOGRAFÍA.---Rexistrado co número 19 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Vicente Risco, Antón Taboada Roca, Eleuter González Salgado e Florentino López Cuevillas.



CASTRO DE BARREIRO

Número XXI

CASTRO DE BARREIRO

EMPRAZAMENTO.--N-un monticelo de pouca cota, que se ergue ô norte da eirexa parroquial de Barreiro, no concello de Melide.

DEFENSAS.---Un terraprán de nove á doce metros de alto, un parapeto de sete á oito e un foso que me de tres metros de ancho. Foso e parapeto alcóntranse na banda do oeste, esborrallados pol-os cultivos.

MENSURAS.---O único recinto diste castro, mede:

Do norte ô sul. . . . 70 metros.

Do leste ô oeste. . . . 81 metros.

OBSERVACIÓNS.--Non fixemos ningunha dina de mención.

FOLKORE.---Faláronos de que debaixo dunha peneda, aparecera un pote que debía ter ouro.

* * *

«Na croa do castro, téñense visto *madamas* e téñense ouvido músicas.»

* * *

«Hai tres vigas: unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán, que pasan por baixo da cociña da casa de Barreiro d'Arriba e chegan deica a Ponte de Deza, xunta o río Barreiro.»

* * *

O tema das músicas, alcóntrase moito millor especificado no seguinte relato que nos fixo Andrea Gómez Mosquera, de máis de 80 anos, veciña do Barreiro.


«De aquela aínda eu era nena, i-estando un día ô pé dunha pena que hai ô carón do castro, ouvín que por baixo da terra tocaban unha música como se fora de pandeiro e gaita. Chamei deseguida ô meu pai pra que viñera ouvir aquilo; máis, cando veu, xa non se sentía cousa ningunha. Dende aquel día sempre tiveron medo de ir á un sitio de tanto encantamento.»

BIBLIOGRAFÍA.---Rexistrado co número 18 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.
(Catalogado por Antón Fraguas e Eleuter González Salgado.)

Número XXII

CASTRO DE MELIDE

EMPRAZAMENTO.---N-un outeiro que se ergue á entrada mesmo de Melide, conforme se ven pol-a estrada de Santiago. O castro, ou millor, os vestixos do castro, quedan á esquerda por riba da devandita estrada.



CASTRO DE MELIDE

1. Eirexa.---2. Campo Santo.
3. Estrada

unha eirexa barroca, que foi construída no ano de 1750. Perto da eirexa acotouse terreo pra un camposanto e, á beira de il e ocupando seguramente lugares abrangidos pol-a acrópole protohistórica, hai eidos e casas que borran por comprobante todo resto de fortificación pol-o norte e oeste.

Parez ser que foi n-iste castro onde se asoellaron os testos de cerámica decorada que figuran na colección Alvarez Carballido, e dos que logo nos ocuparemos.

DEFENSAS.---Apréciase soio unha área apranada e un terraprán que a cingue pol-as bandas do sul e do leste e cuio alto máisimo é de vinte metros.

MENSURAS.---Non permite tomalas nin aprosimadamente o estado de ruiña da acrópole.

OBSERVACIÓNS.---No recinto aplainado de que denantes falamos, e que aparece nos documentos máis antigos ca verba *castro*, ergueuse un castelo da mitra compostelán, que existía xa no século XII. Iste castelo está oxe por comprobante derrubado e no seu canto óllase

FOLKLORE.—«No castro hai soterráneos e hai tamén tres trabes, unha de ouro, outra de prata e de alquitrán a terceira. Se o buscador de tesouros atopa ista trabe ou viga, o lume que se arma destrúe todo.»

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 27 no *Mupa* de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antón Taboada Roca, Vicente Risco, Eleuter González Salgado e Florentino López Cuevillas.)

Número XXIII

CASTRO DE MEIRE

EMPRAZAMENTO.—Costruído n-unha cha ô sul do lugar do Castro, parroquia de San Pedro de Meire, concello de Melide.




DEFENSAS.—Consisten n-un terrapren de seis á dez metros de alto e n-un parapeto de catro á seis metros, medido pol-o interior. Non hai por ningures vestixios de foso.

MENSURAS.—De xeito circular, mede:


Do norte ô sul. 62 metros.

Do leste ô oeste. 63 metros.



OBSERVACIÓNS.—A cerca do castro, al-
cóntrase encetada pol-o norleste por dous ca-
miños anchos feitos pra servico dos eidos que
ocupan a coroa, dexergándose aínda a terra
amoreada á beira do parapeto.

FOLKLORE.—«Eiquí, aínda hai pouco, apa-
recían os encantos dos mouros. Estando á fa-
cer unha casa, perto do castro, as mulleres que
levaban a comida ôs canteiros, viron varias ve-
ces un castrón n-un lado do parapeto, que des-
parecía en canto facían intención de collelo.»



CASTRO DE MEIRE

decindo que tiña sede. A mai mandouno á fonte, e cando chegou á ela o rapaz, dixo: Mi madre, na fonte non se pode beber que está coberta c-un pelico.»

«A fonte estaba encantada, pois había pouco que a miña mai bebera n-ela e cando acodín a ver o que pasaba, o pelico xa desaparecera.»

* * *

«Estaba eu botando nas patacas n-unha lei-
ra que teño perto da fonte que hai á 200 metros
do castro, cando un meu irman deu en berrar

* * *

«Andaban unhas rapazas gardando as ovellas, preto do castro e viron unha moza moi fermosa que fiaba. Pra saber como facía, quixéronse achegar á ela, mais no mesmo intre desfixose e desapareceu.»

* * *

«Outro día apareceu no mesmo lugar unha *señora* c-unha tenda que tiña moitas cousas boas. Pasaba un rapaz pol-o camiño e díxolle a tendeira amostrándolle os obxetos:

—«Qué che gusta máis disto?»

—«Gústanme istas tixeiras.»

—«Pois que te quiten os ollos co-elas.»

* * *

«Pol-o castro pasan tres vigas: unha de ouro, outra de prata e no meio a terceira, que é de *fuego*. As tres van dende a fonte de Xesteira deica Santa Mariña.»

* * *

«No castro e pol-os eidos veciños ten aparecido unha poliña con pitos.»

* * *

Os encantos sácanse co libro de San Cibrán, mais non hai quen o teña.»

(Informou, Xosé Quintás, de 78 anos, veciño de Meire.)

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 39 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Amador Rodríguez Martínez, Antón Taboada Roca, Eleuter González Salgado e Antón Fraguas.)

Número XXIV

CASTRO DE PIÑOR

EMPRAZAMENTO.—No remate Junha chá, que pol-o leste cai en escalóns rápidos sobre a marxe dereita de un regato. Queda o castro á uns 100 metros cara ó norte do lugar de Piñor, parroquia de Furelos e concello de Melide.

DEFENSAS.—Un parapeto de tres á nove metros de alto e un terraprán de sete á doce. Non se ollan por ningures vestixios de foso.

MENSURAS,—De forma regularmente oval, mede iste castro:

Do norte ó sul. 35 metros.



De leste ó oeste. 56 metros.

OBSERVACIÓNS,—O mesmo o terraprán que o parapeto, teñen un revesti-

mento de cachote. No interior do recinto óllase gran cantidade de pedra pequena. Pol-a banda do sueste, abrese unha entrada de catro metros de ancha, praiticada



N



CASTRO DE PIÑOR

por corte sinxelo do parapeto e rebai-xamento do terraprán, que quizáis es-tea feita sobre unha porta antiga.

FOLKLORE.---«Unha veciña de Pi-ñor, tiña os porcos moi gordos porque lles botaba de comer unha *señora* que saía na coroa do castro.»

* * *

N-outro relato máis circunstanciado que nos refería Carmen Casal, o dono dos porcos é un veciño que os bota a pacer ô castro e que admirado de velos engordar, axéxaos e ve a unha *señora* «mui linda que lles daba millo sin xeito, c-unha zaranda.»

BIBLIOGRAFÍA.---Rexistrado co número 29 no *Mapa* de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Sebastián González, Antón Taboada Roca e Florentino López Cuevillas.)

Número XXV

CASTRO DE MOLDES

EMPRAZAMENTO.---No remate dunha chá que cai pol-o nacente sobre outros terreos máis baixos. Queda o castro á 400 metros cara o oeste da eirexa de Moldes e da marxe esquerda da entrada da Golada á Betanzos i-en termos da parroquia de San Martiño de Moldes e concello de Melide.


DEFENSAS.---Alcóntranse case por complotto derrubadas, resultando tarefa difícil o precisar os verdadeiros límites do castro, convertido oxe en veiga de millo, dividida en leiras por muros e valados. En certos lugares o terraprán castrexo foi aplainado enteiramente, n-outros evidentemente rebaixado e n-outros aínda escavado a pino pra aproveitar pra o cultivo a anchura da base. Non hai por ningures vestixios de parapeto nin de foso e soio o terraprán, derramado, como queda dito, dexérgase en toda a volta da cerca, agás no oeste, onde desaparece, podéndose difícilmente abesullar

a sua antiga liña seguindo un pequenoombo do terreo que semella demunciala.
MENSURAS.—Do xeito ovalado, mede iste castro.

Do norte ó sul. 56 metros.

Do leste ó oeste. 106 metros.

A derradeira medida debemos advertir que non é enteiramente segura.



CASTRO DE MOLDES

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 36. no *Mapa*, de Alvarez Carballido.
(Catalogado por Sebastián González e Florentino López Cuevillas.)

Número XXVI

CASTRO DE SAN COSME

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro de altor cativo, que se ergue por riba mesmo e cara ó suleste da eirexa parroquial de San Cosme de Aveancos, no concello de Melide, e á algo menos de un kilómetro da marxe esquerda da estrada que vai da Gola-da a Betanzos.

DEFENSAS.—Consisten n-un terraprén, cuia outura mínima é de 18 metros, na banda do oeste e a máisima de 25 metros pol-as bandas do norte e do leste. O parapeto

OBSERVACIÓNS.—A única entrada da acrópole, na parte onde o terraprén se conserva, é un sendeiro que rube pol-o norte, seguindo a liña de aquela defensa, anque sen encetala nin rebaixala.

No suloeste e afastados uns 30 metros do castro, hai un, ó parecer, anaco de terraprén que, quizáis, formase parte outrora de un recinto exterior.

FOLKLORE.—«Contan que hai tres vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán ou *fuego*, que, tocándolle, pode queimar o país todo, e por esto mesmo hai que deixar descansar as outras dúas.»



«Din que teñen aparecido no castro moitas cousas, entre elas, galiñas con pitos moi bonitos.»

dexérgase perfectamente no sul, onde atingue 12 metros de elevación, aparez moito máis rebaixado no oeste e non se marca no norte e no leste.

MENSURAS.—De forma irregularmente oval, mede:

Do norte ó sul. 94 metros.

Do leste ó oeste. 38 metros.



CASTRO DE SAN COSME

que entraba, por un rebaixe da cerca, pra venderlle viño ós habitantes do castro, e que istes mercábanllo ca condición de que non falara con ninguén do asunto.

Dunha vez, a muller do arrieiro atopoulle os cartos e fíxolle falar; mais cando volveu co viño, alcontrou pechada a porta por onde adoitaba entrar.

BIBLIOGRAFÍA.—Siñálase iste castro co nº. 28 no *Mapa* de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Antón Taboada Roca, Luís Tobío Fernández, Eleuter González Salgado, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas.)

OBSERVACIÓNS.—A área do castro estaba, cando nós a visitamos, coberta de centeo medrado, circunstancia que coutou considerablemente os nosos inquéritos.

No oeste, o terraprán áchase cortado por un camiño que rube transversalmente, facendo o perfil do devandito terraprán, por aquela banda, unha ó xeito de escadriña. Tal entrada é, dende logo, moderna; mais nada tería de particular que por baixo de ela se alcontraran os restos de un portelo antigo, semellante á algún da citanía do Santa Tegra.

FOLKLORE.—Asegún nos dixeron, o castro foi habitado polos mouros, que deixaron n-il moitos obxectos preciosos.

Concepción Peña Ulloa, veciña de Abeancos, manifestounos en troques que as cercas do castro foran feitas pol-os romanos pra defender as eirexas.

Manifestounos tamén a mesma informante, que había un arrieiro

CASTRO DE SANTA MARÍA DE CAMPOS

EMPRAZAMENTO.—N-unha chá que hai á beira e cara ó sul da eirexa parroquial de Santa María de Campos, concello de Melide.

DEFENSAS.—A área central, enteiramente plaina, alcóntrase protexida por unha cerca que n-algúns lugares ten pol-o interior 10 metros de alto e 12 pol-o exterior, baixando nas bandas do sul e de oeste case perpendicular deica ó chán.

Fora de iste recinto principal óllanse, interrompidos por un camiño e por eids labrados, que os parten en catro anacos, os dous lenzos de cerca que van

sinalados no croquis, e que son o único vestixio oxe existente, de dous recintos exteriores, que posiblemente estenderíanse por toda a volta da fortificación.

MENSURAS.—De forma moi irregular, mede o recinto central de iste castro.


Do norte ó sul 77 metros
Do leste ó oeste 79 metros

OBSERVACIÓNS.—Presenta o castro que nos ocupa algunhas particularidás curiosas e dinas de seren mencionadas.

Refírese a primeira á circunstancia, verdadeiramente notabre, de aparecer construído n-un terreo que non se ergue ren sobre os terreos circundantes, caso rarísimo, por ser normal pra o emprazamento das nosas acrópoles, a escolla de mon-

tes ou outeiros, que, asegún a súa elevación ou manitude, fortificábanse totalmente ou soio no seu cumio ou remate.

Outra particularidade é a de articularse a parte da cerca que se caréa pra o leste, cas suas veciñas do norte e do sul, non na feita corrente de recanto



CASTRO DE SANTA MARÍA DE CAMPOS

arredondado, se non en cornello angular, disposición que se dexerga nídamente apesares dos derrubamentos da masa do valado e dos depósitos de terra vexetal, que acochan os perfís primitivos.

Ista circunstancia, o mesmo que a caída case perpendicular dos muros, fainos sospeitar que os tales muros estaban coñstruídos con pedra aparelhada, quizáís do xeito que se coñece co nome de cachote seco, que é o corrente na arquitectura castrexa.

No norte e leste a cerca aparece encetada por dous portelos que semellan seren modernos.

Non sabemos se foi no recinto central de iste castro ou perto de il, onde se alcontrou o importante acobillo de obxetos de bronce que estudamos n-outro lugar da presente publicación. No recinto devandito e fora de il téñense atopado muiños de man e abondosas tégulas, algunha das coales tivemos nós ocasión de recoller.

FOLKLORE.—Pra algunha xente da parroquia o castro de Santa María de Campos pasa por ser obra dos romanos.

* * *

Asegún outros no castro viviron os mouros que deixaron as tres vigas de ouro, prata e alquitrán e moitos cartos.

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 26 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por Eleuter González Salgado, Antonio Taboada Roca, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e Luís Tobío Fernández).

Número XXVIII

CASTRO DAS VARELAS

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro de pouca cota, situado na parroquia de San Martiño das Varelas, concello de Melide e a 400 metros aproisimadamente, cara o suloeste do lugar da Eirexa.

DEFENSAS.—Ten iste castro dous recintos, ordeados do xeito típico en antecastro. O recinto principal achábase defendido por un terraprén, cuia outura vai dos 8 ós 12 metros e por unha cerca que, pol-a banda do suloeste, mede aínda, pol-a parte interior 10 metros de outo, alcontrándose moito mais rebaixada n-outros lugares da volta e desaparecendo por comprobante no norte e no norleste.

O antecastro estaba protexido tamén por un terraprén e un valo de caraterísticas semellantes ó denantes descrito.

MENSURAS.—De forma tendente á romboidal mede o recinto principal:

Do norte ó sul. 81 metros

Do leste ó oeste. 60 metros

As mensuras do antecastro que se estende pol-o leste son:

Longo maisimo. 115 metros

Ancho maisimo. 45 metros

OBSERVACIÓNS.—Como ocorre normalmente nas acrópoles da bisbarra de Melide, non se ollan nas áreas cercadas, pedras labradas nin outros restos de habitacións permanentes.


Entre o sul e o sueste hai practicado un portelo que tronza o valo, n-unha anchura de 2 metros, e que parez ser cousa moderna.

É notabre a manitude do antecastro, maor que o recinto principal, e que constitúe por elo un caso que se aparta do xeito normal da arquitectura castrexa.

FOLKLORE.—«Hai n-iste castro dúas vigas, unha de ouro e outra de alquitrán. Se ó buscar a de ouro topase ca de alquitrán armase unha grande lume que a desfai toda en varias legoas á redonda».

* * *

«Dentro das cercas viven os mouros. De unha vez saíron a roubar nabos nos eidos; mais un dos roubados velounos de noite e votoulles a 'man. Entón os mouros pedíronlle que calara e que non contara a ningún o sucedido e pra asegurarse do seu silencio díronlle moito ouro».



CASTRO DAS VARELAS

dido e pra asegurarse do seu silencio díronlle moito ouro».

BIBLIOGRAFÍA.—Aparez sinalado no *Mapa de Galicia*, de Fontán.



Rexistrado co número 25 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Vicente Risco, Eleuter González Salgado, Luís Tobío, Antonio Taboada Roca e Florentino López Cuevillas).

CASTRO DE SAN ROMAO

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro prominente e de boas condicións naturás de defensa, situado á 500 metros do lugar de San Romao, parroquia do mesmo nome e concello de Santiso.

DEFENSAS.—Un parapeto de 6 metros de alto, que coroa un terrapén que n-algúns lugares baixa con pendendor pronunciado deica os 15 metros.



CASTRO DE SAN ROMAO

Pol-as bandas do oeste, norte e norleste, consérvase un foso de 5 metros de ancho, cinguido por un valo que mede 3 metros de alto pol-o interior e 6 pol-o exterior.

MENSURAS.—De forma case circular, mede:

Do norte ó sul. . . 92 metros

Do leste ó oeste. . . 100 metros

OBSERVACIÓNS.—O mesmo o parapeto que o terrapén parecen estar feitos co acostumado cachote seco.

Na banda do sudoeste óllase un portelo que fende por complot o terrapén e o parapeto, e que ben poidera ser vestixio de unha porta antiga. Tres entradas ou pasos, praiticados no valo do foso, son dende logo obra moderna, sen relación ningunha co portelo devandito.

FOLKLORE.—«Entre o castro de San Romao e o das Varelas

hai tres vigas; unha de ouro, outra de prata e a terceira de alquitrán».

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 24 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Luís Tobío Fernández, Vicente Risco, Eleuter González Salgado, Antonio Taboada Roca e Florentino López Cuevillas).

CASTRO DE VILAR DE FERREIROS

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro situado á 200 metros do lugar de Vilar de Ferreiros, parroquia de Visantoña e concello de Santiso.

DEFENSAS.—Un parapeto de 13 á 4 metros de alto; un terraprén de 12 á 7 e un foso de 5 á 3 metros de ancho. O foso está completamente atuado pol-o norleste, leste e

suleste e o parapeto desaparece no suleste e leste.

MENSURAS.—De xeito circular, mede;

Do norte ó sul. . . 73 metros.

Do leste ó oeste. . 73 metros.




OBSERVACIÓNS.—Na banda do suleste, óllase no terraprén unha entrada de uns 4 metros de ancha, flanqueada por dous abultamentos pequenos, que quizáis son vestixio das torres que prote-xían unha porta antiga.

Na superficie da área cercada, coberta de vexetación, nada vimos dino de ser notado.

FOLKLORE.—Hai as tres trabes; de ouro, prata e alquitrán.

* * *

«Contan que os da casa de Rozas de Albín, viñeron arriba á conta dos mouros que no castro vivían. N'ista casa había un arrieiro e íballes levar viño e outras cousas, e os mouros dábanlle moitos cartos. Como as levaba de noite, a muller sempre lle estaba á preguntar pra ónde ía co viño e il unha vez decía á un sitio e outra vez á outro. Mais un día a



CASTRO DE VILAR DE FERREIROS
muller fixo e fixo ata que lle arrancou ó home o segredo de que o viño era pra os mou-

ros do castro. Cando o outro día foi o arrieiro a levar o viño e as outras cousas, non poido entrar, porque falara máis do debido.»

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co núm. 49 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.
(Catalogado por Antón Fraguas e Amador Rodríguez Martínez).

Número XXXI

CASTRO DE VIMIANZO OU COTO DA AURELA

EMPRAZAMENTO.—No remate de unha chá que cai pol-o sul sobre o leito fondo de un regato. Sitúase á 300 metros do lugar de Castro, na parroquia de Vimianzo e concello de Santiso,

DEFENSA.—Consérvase soio un lenzo de parapeto de 3 metros de alto, seguido pol-o exterior por un terraprén de 11 metros. Ten iste único vestixio de defensa 55 metros de longo e ouréntase en forma de arco en dirección leste-oeste.

MENSURAS.—Non se poden calcular nin siquera aproisimadamente.


OBSERVACIÓNS.—En toda a área que debeu ocupar primitivamente o castro e sobre todo o pe do parapeto óllanse grandes moreas de pedra, que proveñen seguramente do revestimento de cachote do parapeto e do terraprén.

FOLKLORE.—O castro de Vimianzo foi dos mouros e hai n-il dúas vigas, de ouro e de al-

quitrán, que van parar a unha fontela que nace por baixo do recinto castrexo.

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 37 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Sebastián González, Antonio Taboada Roca e Florentino López Cuevillas).




CASTRO DE VIMIANZO OU COTO
DA AURELA

CASTRO DE BEIGONDO

EMPRAZAMENTO. No cume de un monte que se ergue á 200 metros cara ó noroeste da eirexa parroquial de Beigondo. Queda iste monte n-un recanto do concello de Santiso e testando xa co concello pontevedrés de Carvia, do coal

al-
cóntrase separado pol-a corrente da Ulla e co concello da Arzúa do que o afastan os regueiros de Regada e Ponte Lema, afluentes de aquil río.




DEFENSAS. Reducíanse a un terrapré e á un parapeto. A liña do primeiro, moi esborrallado pol-os traballos agrícolas pérdese case pol-o suloeste, sul e suleste, dexergándose craramente a sua mœur altura pol-o norleste e leste, onde atingue ós 6 metros. O parapeto que ten pol-o interior unha altura maisima de 2 metros está aínda en pé no norleste e leste e n-un pequeno anaco da banda do noroeste.

Mensuras. De forma oval mede iste castro:

Do norte ó sul. . . . 62 metros

Do leste ó oeste. . . . 90 metros



CASTRO DE BEIGONDO

OBSERVACIÓNS. No recinto cerca-
do óllase unha grande cantidade de cacho-
tes pequenos e bastantes tégulas.

FOLKLORE. Díxonos unha rapaza que tiña ouvido decir que o castro fixéranos os mouros, que aínda hai poucos anos vivían por eiquí.

CASTRO DE VISANTOÑA

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro de cota baixa, que ocupa o remate de unha gándara, á 100 metros cara ó oeste da eirexa parroquial de Visantofia, no concello de Santiso.

DEFENSAS.—Un parapeto de 2 á 8 metros de alto, esborallado por completo no leste, oeste e noroeste, e un terrapén de 4 á 10 metros de alto.

MENSURAS.—De forma irregular, mede iste castro:

Do norte ó sul. . . . 58 metros

Do leste ó oeste. . . 108 metros

OBSERVACIÓNS.—Presenta no este unha entrada que parez moderna.

FOLKLORE.—Hai as tres vigas; de ouro, prata e alquitrán.

* * *


«Dende o castro ó río Ulla van unhas minas como corredoiras que servían ós mouros pra levaren os cabalos á beber».

* * *

«Hai tamén a *vida* de un rei e máis cousas que deixaron os mouros».

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 32 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.



(Catalogado por Amador Rodríguez Martínez e Antonio Fraguas).



CASTRO DE VISANTOÑA

CASTRO DE PEZOBRÉS OU DE BELMÍL

EMPRAZAMENTO.—Costruído no cume de un monte coberto de toxos e piñeiros, que se ergue na linde das parroquias de Pezobrés e Novela, no concello de Santiso.



CASTRO DE PEZOBRÉS OU DE BELMÍL

BIBLIOGRAFÍA. Rexistrado co número 33 no *Mapa*, de Alvarez Carballido. (Catalogado por César Torres, Antonio Fraguas e Luís Tobío Fernández).

DEFENSAS. Ten iste castro dous recintos en escalón. O superior presenta un terraprán de 10 metros de alto e o inferior alcóntrase cinguido por outro terraprán de 12 a 16 metros e por un parapeto que se dexerga pol-o leste, sueste e sul e que se ergue sobre o interior do recinto de 3 a 6 metros.

MENSURAS. O recinto superior mede:

Do norte ó sul. . . . 48 metros
Do leste ó oeste. . . 52 metros

O recinto inferior, bastante regular, áchase afastado do primeiro uns 22 metros por término medio.

OBSERVACIÓNS. O parapeto e mais o terraprán do recinto inferior alcóntranse interrompidos entre o sul e o sudoeste por un portelo flanqueado por dous fortes abultamentos, dando a impresión de unha antiga porta castrexa de tipo sinxelo.

FOLKLORE. A xente ten ó castro como obra dos mouros.

«Os inocentes (nenos ou mulleres) apareceselles moitas veces unha galiña con pitos».

(Informou Xosé Gómez López, de 58 anos, veciño de Novela).

CASTRO DAS SEIXAS

EMPRAZAMENTO.—N-unha chán alta e á 100 metros cara ó sul do lugar de Amboaxe, parroquia de Ribadulla e concello de Santiso.


DEFENSAS.—A pequena área de iste castro alcóntrase protexida por un parapeto, un terraprén e dous fosos. O parapeto de 2 metros de alto consérvase soio pol-o leste, sueste e sul, fallando o foso máis exterior pol o oeste, suloeste e noroeste. O foso interior e o terraprén de 9 á 5 metros de alto cinguen toda a volta do recinto.



MENSURAS.—É iste castro o mais pequeno, ou pol-o menos un dos máis pequenos de Galicia. As suas mensuras son:

Do norte ó sul. 21 metros


Do leste ó oeste. 25 metros



OBSERVACIÓNS.—O parapeto e o terraprén parecen estar revestidos de pedra.

Dentro da croa castrexa, recollimos algunhas tégulas.

FOLKLORE.—«Contan que hai tres vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán. Non se poden coller as dúas primeiras, porque por riba está a de alquitrán que ó tocala acéndese e queima todo».



CASTRO DAS SEIXAS

«Un endivído atopou alí unha garamalleira e unhas picañas, con outras cousas máis que lle deron moitos cartos».

(Informounos Xerardo o Taberneiro).




BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Antonio Fraguas e Amador Rodríguez Martínez).

CASTRO DE NOVELA

EMPRAZAMENTO. N-un outeiro que se sitúa no meio de uns agros e á 400 metros por riba do lugar de Pousada, pertescente á parroquia de Novela e concello de Santiso.

DEFENSAS.—A área aplainada do recinto principal de iste castro alcóntrase cinguido por un terraprén, cuio alto vai de 3 á 15 metros, conservándose restos visibres do parapeto pol-o norte, norleste e leste. Por ista mesma banda esténdese unha prolongación en antecastro de 18 metros de ancho maisimo; provido de un terraprén de 3 á 8 metros de alto, que sealcontra esborallado no sueste e precisamente no lugar onde debía articularse cas obras defensivas do recinto principal.



CASTRO DE NOVELA

ofreceron moitos regalos si se iba co iles».

«Os mouros chamaban pol-os porcos decindo: *tourriños..... touros.....*

«No castro gárdanse moitas riquezas. Sábese o sitio onde están atuadas por- que batendo no chán resoa como se estivera oco».

* * *

«N-outro tempo había encantos que semellaban mozas».

* * *

«N-uns eidos cheos de broza que hai por riba do lugar era onde se enterraban os mouros ou os fauciosos».

* * *

Non fallan como de cote as vigas de ouro e de *fuego*.

(Informaron unha moza de Pousada, chamada Felisa e unha irmán sua).

BIBLIOGRAFÍA.—Óllase sinalado no *Mapa de Galicia*, de Fontán.


Rexistrado co número 34 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Luís Tobío Fernández, César Torres, Antonio Fraguas e Ramón Otero Pedrayo).

Número XXXVII

CASTRO DE SERANTES

EMPRAZAMENTO.—No cume de un monte de ladeiras pinas, situado a 4 kilómetros de Melide, indo pol-a estrada da Golada. Pertesce iste monte á parroquia de Serantes, concello de Santiso.



O CASTRO DE SERANTES VISTO POL-O S. W.


DEFENSAS.—O castro ten un soio recinto que debeu estar protexido antigamente por un foso, un terraprán e un parapeto. O foso consérvase sómente no norte e norleste; o parapeto que mede dende o interior de 3 á 9 metros, consérvase

por total-as bandas, agás nas do leste e sueste e o terraprán dá por enteiro a volta ó castro c-unha altura que vai dos 7 ós 22 metros.

MENSURAS.—De xeito tendente á circular, mede:


Do norte ó sul. 70 metros
Do leste ó oeste. 73 metros

OBSERVACIÓNS.—Ollado de lonxe ten iste castro o aspecto de unha acrópole de tres recintos, mais unha inspeición detida do terreo amosa craramente que os dous exteriores son erguementos naturás do chán.




O parapeto aparez cortado no suloeste pra deixar paso á unha entrada, protexida quizáis antigamente por obras exteriores, das que son posibres vestixios uns amoreamentos de terra que se aprecian por fora e á carón da entrada, e dous abultamentos do parapeto que flanquean a porta.

FOLKLORE.—«O castro foi obra dos mouros, que tiñan as casas debaixo da coroa».



«Hai alí dúas vigas, unha de ouro e outra de alquitrán. Si se toca á ista derradeira, arde moita terra ó redor».

«Cando os mouros fixeron o castro púñanse en fileira pol-a banda do leste e así pasabanse uns ós outros os cestos de terra do fondo do monte deica ó cume».



CASTRO DE SERANTES

unha *señora* que vai á cabalo de un burriño e que desaparece non ben algún se quere achegar á ela».

«Apareceu tamén unha galiña con pitos e unha ovella branca, que anda á amostrarse e á acocharse».

(Informaron Xosé Laia e Xosé Caxide, de Serantes).

BIBLIOGRAFÍA.—Aparez sinalado no *Mapa de Galicia*, de Fontán.

Rexistrado co número 35 no *Mapa*, de Alvarez Carballido.

(Catalogado por Ramón Otero Pedrayo, Xosé Pena, Luís Tobío Fernández, César Torres e Antonio Fraguas).

Número XXXVIII


OS CASTROS DE QUINZÁN

EMPRAZAMENTO.—N-un outeiro de pouca cota que remata n-unha estesa



plainura, que o castro non ocupa por enteiro, situándose máis ben no comenzo da ladeira que baixa cara o su-

leste. Queda a acrópole á uns 500 metros do lugar de Quinzán e da marxe esquerda da estrada da Golada á Betanzos, en têrmos da parroquia de San Paio de Niñodagua e concello de Santiso.




DEFENSAS.—Un parapeto que falla no leste e sueste e cuia altura varía entre 5 e 18 metros, un terraprén alto de 1 metro a 10, e un foso que falla tamén no leste e sueste, ancho de 3 metros e c-un parapeto que se ensancha na banda do norte ata atinguir unha anchura de 8 metros, correndo o seu pé un o xeito de escalón que quizáis sexa vestixio de un segundo foso.

MENSURAS.—De forma tendente a circular, mede:

Do norte o sul 52 metros

Do leste o oeste. 63 metros



CASTRO DE QUINZÁN

OBSERVACIÓNS.—Entre o norte e o norleste vese un ensanchamento ou prolongación angular estreita e bicuda que non sabemos si en tempos sería unha porta o xeito da que existe nos castros de Brañas, mais que oxe non presenta por

ningures sinal de solución de continuidade, circunstancia que quizáis sexa debida á estar as defensas da acrópole moi esborralladas por aquela banda.

FOLKLORE.—«Iste castro foi acampamento dos mouros, mais os tales non vivían na praza do meio senón nas canlles da parte do meiodía».

«A comida levábanlla pol-as canlles que se carean pra o poniente».

* * *

Algunha xente ten medo de ir ó castro, pois dícese que n-il teñen aparecido o demo e pantasmas moi temerosas».

* * *

As acostumadas vigas dupricanse n-ista acrópole que conta con dúas de ouro e outras dúas de alquitrán.

(Informounos un veciño de Quinzán apellidado Ramos).


BIBLIOGRAFÍA.—Inédita.

(Catalogado por Antonio Taboada Roca, Sebastián González e Florentino López Cuevillas).

Número XXXIX

CASTRO DE BARAZÓN

EMPRAZAMENTO.—N-unha chá á 300 metros do río Furelos e á 500 da marxe dereita da estrada da Golada á Betanzos. O pouco que queda en pé da fortificación castrexa sitúase á uns 30 metros da eirexa parroquial de Barazón, no concello de Santiso.



DEFENSAS.—Alcóntrase iste castro case que por complotto derrubado, conservándose soio un lenzo de parapeito de 84 metros de longo, tendido de norleste á suloeste e c-unha altura de 6 metros por unha banda e de 8 pol-as outras.

Iste lenzo de parapeito alcóntrase dividido en dúas partes igoaes por unha solución de continuidade de 8 metros de ancho.

MENSURAS.—A xuzgar pol-o desenvolvimento do lenzo do parapeito debía de medir iste castro n-un dos seus eixes perto dos 100 metros.

OBSERVACIÓNS.—A área fortificada de-

bía estenderse pol-o lado da menor altura do parapeto, quedando no seu centro ou perto de il, o sésigo que ocupa oxe a eirexa de Barazón e o seu adro.

FOLKLORE.—Non se acadou ningún.

BIBLIOGRAFÍA.—Rexistrado co número 38 no *Mapa*, de Alvarez Carballido,

(Catalogado por Sebastián González, Antonio Taboada Roca e Florentino López Cuevillas).

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

CANTIDADE DE CASTROS

Poucas terras haberá en Galicia que igóalen en densidade castrexa á terra de Melide. Dende o Bocelo até a Ulla, as acrópoles protohistóricas inzan con tan forte prodigalidade que, sen esaxéro, pódese decir que é imposible percorrer un kilómetro por calquer camiño sen alcontrar algunha.

Por feito, sen dúbida, dos desprazamentos sufridos pol-as quintas e casares das antigas *villas* e tamén pol-os difrentes cambeos introducidos nas xurisdicións das freigresías, os castros non se corresponden esaitamente co-elas, habendo parroquias que non teñen acrópole e contando outras, en troques, con dúas (Brañas e Visantofña), e ata con tres (Capela e Maceda). Mais, á pesares de elo, as entidades parroquiás que teñen o seu correspondente castro, pasan da metade, das cincuenta e tres, que comprenden os concellos de Toques, Melide e Santiso, cifra que constitue unha boa comprobanza das teorías espostas por Alberto Sampaio no seu fundamental estudo, *As villas do norte de Portugal*, sobre a derivación: castro —*villa*— parroquia.

Unha tarefa intresante, e que quizáis emprenderemos cando a laboura catalogadora estea máis adiantada, sería a de comparar a densidade castrexa ca densidade da poboación aital nas distintas rexións de Galicia, xa que tal traballo daríanos unha idea bastante esaita das variacións verificadas no agrupamento dos núcreos humáns e deixaríanos albiscar os factores de orde, seguramente máis económico que político, que determinaron semellantes variacións. Como un anticipo á iste estudo, podemos agora decir que, si ben o número de castros vai algunhas veces de conformidade co número de habitantes, como acontex por exemplo nas rías de Vigo e de Arousa, afástase n-outros de tal regra, abondando, pra comprobalo, o cotexar a flebe densidade castrexa do val do Miño, na provincia de Ourense, cuia poboación pasa dos 100 habitantes por kilómetro cadrado, ca forte densidade da terra de Melide, que non chega os 55 habitantes por kilómetro. E aínda n-ista mesma terra melidense, os castros veñen agrearse con meirande intensidade nos torróns fríos dos debalos do Bocelo e do Corno de Boi, onde os lugares acháanse oxe bastante espaxados, que no rico val de Melide e que nos eidos, case ribeiráns, de Santiso, nos que as aldeas e casares aparecen máis aprexados, extremo que se comproba soio con lembrar que o concello de Toques, que abrangue parte de aquelas serras, conta con once castros nos termos de dez parroquias, aparecendo no de Melide

dazasete castros en vinteseis parroquias, e no de Santiso once castros en dazasete parroquias.

Como logo veremos, ista diferenza de densidade non se xustifica por unha notabre diferenza na manitude das áreas cercadas, parecendo lóxico supor que nos tempos anteriores á conquista romana, as terras altas da rexión obxecto do noso estudo, estaban, contrariamente ó que ocorre na actualidade, tan poboadas como as baixas.

As nosas informacións respecto á vida económica das xentes galegas que vivían nos castros, non son, por disgracia, nin suficientemente craras, nin detalladas de abondó pra permitírnos tirar de elas hipóteses ben asentadas. Strabón, o único escritor da antigüidade que nos legou unha descripción, ata certo punto amiudada, das costumes dos nosos castrexos, refírese con lamentable vaguedade «ós habitantes das rexións do norte: ós Calaicos, Astures, Cántabros, ata o territorio dos Vascóns e ós Pireneus», e soio pol-a mención que fai das campañas de Bruto, podemos deducir que as súas noticias, acadadas seguramente en Posidonio, aluden, de preferencia, ós países do noroeste peninsular.

Pol-os datos consinados no tratado de aquil xeógrafo, pódese pensar que, as tribus galegas eran máis ben pastoriles que agrícolas: comían, case sempre, carne de cabra, facían pan de landras, empregaban a manteiga no canto do aceite, bebían auga e cervexa e o pouco viño, que lles chegaba de fora, consumían logo golosamente en ledos banquetes. A arqueoloxía reitifica en realidade poucos trazos n-iste coadro de vivir sinxelo, e apenas os pequenos muiños de man, tan abondosos nos castros e unha fouce alcontrada na citanía de Santa Trega, veñen falarnos dunha agricultura que podemos considerar como incipiente e rudimentar.

Sabemos, por outra parte, que denantes da chegada dos romanos, o chan galego estaba coberto de bosques mestos (Orosio, IV, 21, 6) e sabemos tamén, por Marcial, da fartura de caza e de peixe nos nosos montes, no noso mar e nos nosos ríos: *Illic piscoso modo vix educta profundo,--Impedient lepores humida línea meos*, fartura que necesariamente tiña que ser aproveitada pol-os habitantes do país, podéndose presumir, por consiguiente, que as fontes de riqueza principalmente esprotadas pol-os castrexos, eran o gado, a caza e a pesca, e de xeito, algo secundario, a recollida de produtos vexetás e o cultivo de certas prantas, quizáis en especial da cebada e da avéa, que, según Babilov, é orixinaria de Galicia.

Outros factores económicos, que compre non esquecer, son a mineiría e os seus derivados a metalurxia e a fabricación de alfaias. Poucos países haberá como Galicia que se presten á unha beneficiación dos minerás levada á cabo en pequeno e con meios primitivos. Abondan eiquí os ríos que alaistran áreas auríferas, abondan os depósitos eluviás ricos en metais e abondan asimesmo os aluviós metalíferos, e, por outra parte, existía xa de antigo na nosa terra unha forte tradición metalúrxica, que ten a súa espresión máis rexa nos machados de talón e nas magníficas espadas de tipo argárico de Tucela e Meira; e unha forte tradición ourivesárica, patente nos numerosos tesouros da idade de Bronce (Urdiñeira, Monte dos Mouros, Deza, etc.)

Que a aitividade mineira continuaba viva nos tempos dos castros, afirmao Posidonio, cando dí: *Apud Artabros autem, qui Lusitanae versus occasum et septemtrionem última habent, efflorescere ait terram argento stamno, auro albo; est enim hoc permixtum argento: hanc terram fluviis deferri et a mulieribus sarculis exauriri, lubarique in colis textis in modo cistae. Haec ille de his metallis retulit*, e que a actividade metalúrxica e xoieira, estaban vixentes na mesma época, tirase do texto de Silo Itálico (Libro II), en que fala das armas que Galicia regala a Anníbal, e nas alusións de Marcial ós vasos dourados da Galicia (Libro IV, 39) e compróbase pol-o achádego de moitas espadas de tipo enxebremente galego e de numerosos torques e braceletes.

Coidamos, pol-o tanto, que un, ou o complexo formado por dous ou máis de istes factores, deberon seren as determinantes da destribución das xentes galegas no tempo dos castros; mais pódese oxe enxergar, de xeito evidente e localizar de maneira certa en cada caso, as causas productoras de tal fenómeno? Aínda prescindindo de que as condicións climáticas poideron variar de entón acá, moitos xacementos metalíferos de superficie poideron esgotarse sen deixar sinal de sí, moitos bosques poideron desaparecer e moitas terras denantes inhabitabres pol-a súa braveza poideron seren conqueridas e domeadas.

Vénse n-istes derradeiros anos consagrando en Francia i-en Bélxica, unha atención especial á istes problemas de destribución dos grupos humanos nos distintos territorios, e á súa resolución parcial están adicados traballos tan intresantes como o de Schaeffer, *La colonisation de Haguenau à l'age du Bronze et du Fer*, (R. Anthropologique 1926, pax. 222) o de M. Piroutet, *Contribution à l'étude du Robenhausien ancien dans les hautes montagnes du Doubs*. (Bull. de la S. Préhistorique, 1928); o de Gollet d'Alviella, *Histoire des bois et forêts de la Belgique*, (Bruselas 1927); o de G. des Marez, *Le problème de la colonisation franque et du régime agraire dans la Basse Belgique*, (Bruselas, 1926); o de Hulert, *Les forêts et le peuplement de la Gaule*; e o de A. Grenier, *Les établissements gallo romains des Waserwald près de Saverne*. Enteirámonos, por istas publicacións, de que as selvas da Galia ofreceron moitas veces dura resistencia á entrada do home, e que se ben algunhas, como as de Alsacia, deixáronse penetrar xa no neolítico ou no bronce por unha flebe poboación, outras como a de Haguenau e moitas marismas, bosques e gándaras da Bélxica permaneceron impenetrabres. I-enteirámonos asimesmo de que os bosques alsacianos foron abandonados pol-as xentes que os ocupaban n-unha época anterior ó La Tène, e de que en Normandía a selva ganou terreo ó home dende os tempos galo-romanos deica ós nosos días.

Non tratamos nós de levar tan adiante as investigacións, no que respeita á Galicia, por fallar eiquí as selvas que sirven na Francia i-en Bélxica de escelentes testigos pra calcular os adiantos ou retrocesos da poboación. Temos samente realizado na nosa terra un avance da catalogación castrexa, que nos permite sinalar á *grosso modo* as zonas de maor ou de menor densidade en acrópoles. Son aquelas, ó parecer, os bordes das rías, as chás da meseta luguesa i-en xeneral as rexións que se coñecen co nome de meia montaña, e istas as grandes serras, onde a poboación é oxe moi escasa, e as partes fondas i-estreitas dos dous grandes ríos galegos, o Miño e o Sil.

Qué causas serían as que determináron tal preferencia? O frío escesivo dos fortes macizos montesios (San Mamede, Queixa, Caurel, Eixe), esprica doadamente a súa despoboación antiga e moderna, mais as terras de ribeira sustentan oxe núcleos humanos moi importantes e presentan unha das densidades máis altas de Galicia, que se xustifica ampramente pol-a quentura do torrón onde outrora medraron as oliveiras e oxe campan as viñas. Sería ista mesma quentura e vizosidade unha barreira pra penetración das tribus protohistóricas? Cobrirían as costas pinas que flanquean, en parte do seu curso, o Miño e o Sil, selvas tan mestas que impediran que por elas escoaran os homes? Por outra parte, hai bisbarras típicas de meia montana, probes, en castros (Carballiño, Celanova) e outras probísimas (A Rabeda, o val da Arnoia en Allariz). A qué causas obedecerá tal pobreza?

Queden eiquí indicados estes problemas e fagamos constar, soio pol-o momento, que de conformidade co que levamos observado en terras da chá luguesa, a rexión de Melide, que, en certo modo, as continúa pol-o centro de Galicia, ofrece como ela unha forte densidade castrexa, soio comparabre á que ostenta o val de Vilamarín. Terían istas partes do noso territorio millores condicións pra que se desenvolvese o vivir máis pastoril que agrícola dos nosos castrexos? Serían eiquí os bosques menos mestos que n-outras meias montañas? Habería nas serras ou nos montes xacementos metalíferos esgotados ou ignorados na actualidade? Non tencionamos dar resposta categórica á tales preguntas e limitámonos, pol-o de agora, á facer resaltar paralelismos e fenómenos coincidentes ou diverxentes, en espreita de que os progresos da catalogación boten luz sobre as múltiples custións pranteadas.

EMPRAZAMENTOS

Nin na soá do Bocelo, nin nos cumes máis prominentes do Carión e do Corno de Boi, encontramos emprazada ningunha acrópole. Eiquí, como n-outras bisbarras, xa estudadas, nótase que os castrexos fuxían pra construíren as súas acrópoles, dos lombos das serras, sacrificando as comenencias de orde militar, que unha maor altitude e isolamento lles brindaban, á outras comenencias de índole, seguramente, económica, debéndose advertir que ten ista regra un carácter tan xeneral, que entre os cento e pico de castros que levamos visitado, sómentes dous, o da Martiñá e o do Furriolo, érguense en soás de serras de certa importancia.

Na terra de Melide, coma noutras de Galicia, os lugares preferidos pra emprazamento dos castros, foron os montes que sirven de contraforte ós macizos máis considerábles ou os cotos altos ou baixos, que, en moitas ocasións, parten as augas de pequenos regatos. No primeiro caso, alcóntanse a maioría das acrópoles situadas ó pé do Bocelo e da súa continuación cara o oeste pol-a divisioira entre a Ulla e o Tambre (Baltar, Paraños, Donide, Marrás, Pedrouzos, Castro Pedro, Castro de Brañas, Graña e Montelén) e asimesmo os colocados xunta o Corno de Boi (Vilouriz e San Xiao do Monte) e xunta o Carión (Meire, Oleiros e Vilamor) e no segundo áchanse o castro de Codesal, emprazado n-un debalo do Bocelo, e as máis das acrópoles, que se erguen no cen-

tro do val de Melide e nas valgadas de Santiso (San Cosme, San Salvador, Santalla de Agrón, Barreiro, Melide, Varelas, Novela, Belmil, San Romao, Serantes, Vilar de Ferreiros, Visantofia e Beigondo, ocupando algúns de istes castros, outeiros tan baixos que apenas sobresaen dos eidos circundantes.

Fora de istes emprazamentos, que podemos considerar como normales en toda Galicia, existen outros que ostentan un carácter por comcreto esceicional. Hai na bisbarra de Melide fortes extensións de terra chaira que se sitúan nos máis altos escalóns do Bocelo e na rexión meia do val do Furelos, cuías plainuras alcóntanse soio interrompidas pol-os ríos e regatos que, dende ben perto do lugar do seu nacemento, corren por leitos fondos e sinuosos, sobre os que a chaira cai bruscamente. Nistes remates da chá, que as máis das veces afectan unha forma de espolón, emprazáronse algúns castros (Piñor, Moldes, Castro de Lobos, Os Castros de Brañas e Vimianzo), situados o de Lobos e os de Brañas non lonxe do lombo terminal do Bocelo e os restantes moi perto da gándara coñecida co nome de monte de Melide, que o Furelos e algúns regatos afluentes cortan fondamente en moitos treitos.

N-iste caso como no das acrópoles colocadas na cima de montes ou outeiros, vese craramente a escolla que os castrexos facían de lugares naturalmente fortes, aproveitando as abas longas ou curtas dos sitios elevados pra que serviran de continuación ós terrapréns, ou precurando que a caída da chá sobre unha corrente de auga, protexera, siquera fora parcialmente, os recintos cercados, mais hai outras ocasións en que os castros erguéronse con absoluta despreocupación da fortaleza do sitio e aínda en aberta oposición co-ela. Referímonos ós emprazamentos en chairas ou en ladeiras de montes.

Das dúas modalidades que non son abondosas na bisbarra melidense, existen exemplos n-outras partes de Galicia (o de Lubre, posto n-unha chá, e o de Guitara, na ladeira dun monte), (Castillo, *Los castros gallegos*, A Cruña, 1908). En chaira alta ou baixa, máis de cote con estesa plainura ó redor, rexistramos en Melide os castros de Campos, Meire, Piñeiro, Seixas e Barazón, i-en ladeiras os de Corbelle e Quinzán.

No derradeiro a anormalidade, redúcese a non abranguer os valos do castro as catro vertentes do monte, como ocorre case costantemente, mais os parapetos chegan deica o cume, impedindo que dende il poidera hostilizarse con notabre ventaxa o recinto interior, cousa que non ocorre nin no castro de Corbelle nin no de Piñeiro, que aparecen domiñados á tiro de pedra, aquíl pol-o curuto do monte, n-unha de cuías ladeiras está colocado, e iste por outeiros máis altos que il e que o circundan. Confesamos que semellantes emprazamentos, opostos ós máis rudimentares principios de castramentación, constitúen pra nós un fenómeno inespricabre.

FEITURA E GRANDOR

As feiturae correntes son as que tenden ó circo e ó óvalo, sen dúbida pol-a adaptación ás formas máis frecuentes dos cumes dos montes ou outeiros. Circulares, sen rigorismo, son os castros de San Salvador, Corbelle, Baltar, Barreiros, Marrás, Graña, Meire, Novela, Brañas, Pezobrés e San Romao, e ovalados os de Santalla, Piñor, Para-

ños, Donide, Moldes, Pedrouzos, Castro Pedro, Varelas, Codesal, Os Castros de Brañas, Vilouriz, Piñeiro, San Xiao do Monte, Oleiros, Paradela, Vilamor, Vilar de Ferreiros e Beigondo.

Por veces, istes trazados curvos preséntanse interrompidos por unha liña reita que abrangue toda unha banda da cerca, como ocorre nos castros de San Cosme, Quinzán, Seixas e Campos, sendo moi dino de sere notado que n-iste derradeiro o anaco reito da cerca, articúlase en recanto agudo, ben visibre, a pesares dos derrubamentos e das inxurias do tempo.

Menos frecuentes son os casos que as acrópoles aparecen determinadas por catro lados reitos. Semellante disposición óllase soio nos castros de Lobos e Serantes, que afectan unha forma tendente ó coadrado e no de Visantóna que é case reitangular, non habendo no lugar do seu emprazamento, ren que xustifique istas feitura, pouco frecuentes na arquitectura castrexa.

Seguindo á algúns investigadores das nosas antiguidades, deberíamos considerar istes recintos de lados reitos como verdadeiros acampamentos romanos, mais sen negar a posibilidade de que a razón os asista n-algún caso, non coidamos que o soio dato da forma dun recinto sexa de abondo pra ditamiñar en firme sobre o seu indixenismo ou o seu romanismo.

Estamos, en realidade, moi mal informados respecto á moitos detalles importantes das guerras dos galegos cos romanos e coñecemos samente as liñas xenerás dos seus principais episodios; mais sabemos en troques que as lexións erguían campos provisionais pra pasar a noite, feitos de cote con materiais lixeiros e dos que non podían quedar vestixios na aitualidade, e que soio construían obras defensivas permanentes cando se trataba de pasar o inverno en país enemigo, da espunación longa dunha vila ou dun *limes imperii* como os que existían nos vales do Mein e do Rhín, no norte da Gran Bretaña, na Retia e na Dobrudja.

De todos istes casos, o segundo é o máis apricabre ós tres castros melidenses, alonxando toda idea relativa á un campo lexionario da manitude dos descritos por Polibio, Higinio e Vegecio, e considerando, dada a súa cativa área, como coartel de inverno ou lugar de garnición dun destacamento non moi numeroso.

Mais, por outra parte, é sabido que a cencia de castramentación dos romanos achábase sujeta á regras fixas, e que todo acampamento grande ou pequeno tiña unha forma enteiramente regular i-estaba provida das catro portas: *praetoria, decumana, principalis sinistra e principalis dextra*; e dase a circunstancia de que aquelas tres acrópoles, non teñen, nin moito menos, unha absoluta regularidade, nin conservan a menor sinal das devanditas portas.

A máis de elo, temos outro dato que revela nidiamente, que as feitura angulosas non eran alleas á arquitectura castrexa. Na terra de Celanova, existe unha acrópole, a de Vimieiros, que presenta un recinto reitangular, combinado con fosos curvos e que ten adosado á un dos seus lados algo tan típicamente indixena coma un antecastro en segmento de circo.

Parécenos, pol-o tanto, que ata o día en que unha esporación dos castros cadrados e reitangulares amostre o seu romanismo, debemos consideralos coma indíxenas e incluír a súa forma na lista das formas castrexas.

Distínguense as acrópoles da terra que andamos á estudar, pol-o seu reducido tamaño. A meia do seu grandor, nos dous eixes do norte ó sul e do leste ó oeste é de 59×70 metros, meia moi inferior á que dan as outras tres bisbarras, cuia catalogación castrexa está xa rematada (Val do Barbantiño con 90×60 ; Terra de Celanova, con 125×110 , e Terra do Carballiño, con 124×103). Tampouco hai eiquí ningún recinto cuia manitude poida porse en comparanza ca das grandes citanías (Trega, Morgade, San Cibrán das Lás), nin siquera con outros castros de proporcións máis modestas (Samoe-do, Souteliño), sendo os meirandes da bisbarra os Varelas, San Romao e os Castros de Brañas, cuio eixe máis desenvolvido non chega, en ningún caso ós 170 metros, e o máis pequeno o das Seixas, que ten no seu maior diámetro 25 metros.

Nótase nas acrópoles melidenses, que o seu grandor vai aumentando lixeiramente conforme se baixa dende o Bocelo deica a Ulla, acusando na rexión alta (Toques) un promeio de 59×75 metros, na rexión central (Melide), un de 57×75 e na baixa (Santiso), un de 62×71 , diferencias que, como se ve, non son suficientes pra compensar, pra o cálculo de poboación, a maior cantidade de castros existentes na rexión alta.

Tarefa tentadora é a de calcular, valéndose da cantidade e manitude dos castros, o número de habitantes con que contaría a bisbarra catalogada nos tempos inmediatamente anteriores á conquista romana; mais pra levar á cabo tal cálculo, con certas garantías de esaititude, cumpríanos datos e referencias que estamos moi lonxe de posêr. Iñoramos, en primeiro lugar, se todas as acrópoles estiveron habitadas simultaneamente ou se unha mesma co leitividade ocupou dúas ou máis en épocas sucesivas e iñoramos asimesmo cales castros eran somente refuxios pra un caso de perigo e cales outros eran verdadeiras citanías ocupadas permanentemente. Por outra parte, o grandor dun castro pode depender tanto do número de xentes á il adscritas como da cantidade de gado que posêran, xa que é necesario admitir que dentro dos recintos cercados habían de acocharse o mesmo os homes que as facendas, tan caras oxe ós nosos labregos e que aínda o serían máis dentro dun réxime de vida predominantemente pastoril.

Por todo elo, non crêmos posíbre o enxergar, partindo dos datos que nos son coñecidos, cal podería ser, no tempo dos castros, o número de habitantes do val do Furelos, e soio procedendo por un tanteo, ata certo punto caprichoso, e asinando á cada acrópole un promeio de 200 persoas, chegamos á postular pra a rexión estudada unha poboación de 7.800 habitantes, que ben ser aproisimadamente a metade da que ten aíualmente, asegún o consinado no derradeiro censo.

E non remataremos iste apartado sen facer notar que, a pequena área dos castros de Melide, coincide ca pequenez das parroquias de oxe, entre as cales son contadas as que teñen máis de 300 habitantes.

DEFENSAS

Pouco é, en realidade, o que pode decirse das defensas castrexas, sen facer denantes n'elas algúns traballos esporádicos. Os castros que agora catalogamos, presentan, pol-o xeneral, o aspeito que ofrece o dibuxado na figura 8, pol-o noso compañeiro César Torres. Por riba o recinto central, case de cote sementado de trigo, centeo ou millo, e ó seu arrededor o terraprén e o parapeto cobertos de erba ou carpazas, e coroados, en moitos casos, por carballizos ou piñeirás. Algunhas veces, toda a acrópole, aparece inzada de uces e de albres (castro de Lobos), de toxos grandes e mestos (Corbelle, Quinzán, Piñor, etc.), ou de codesos (Codesal). Pódese, n'istas condicións, apreciar, e aínda por vegadas non moi doadamente, a traza que as obras defensivas ostentan na actualidade, mais non se pode inquerir cousa ningunha respecto á súa estroitura interna, nin calcular as súas verdadeiras proporcións e incluso elementos importantes como os fosos, poden estar tan ateigados que a súa existencia escape á inspección máis detida.

Un dos primeiros problemas que presentan en cada estación as defensas dos castros, é a de saber se están feitas sómente con terra ou se, pol-o contrario, terrapréns e parapetos están amparados e erguidos con pedras aparelladas. A relativa experiencia que temos adquirida nas nosas repetidas visitas ós castros galegos, lévanos á coidar que, o normal e corrente, é que teñan obra de cachotería, anque, esteriormente, non se amostre a menor sinal de ela, e lembraremos, pra o caso, os castros de Trelle, tapizados inteiramente por unha forte camada de terra vexetal amparada pol-o maquis do monte, e nos que unha lixeira escavación fíxonos descubrir as fiadas de cachote esquistoso que tiñan man dos dous terrapréns concéntricos á que deben a súa denominación de *os castros*. Concíbese pol-o demais maamente que a forma das acrópoles se conservara deica os nosos días, a pesares da intensidade dos traballos agrícolas que n'iles se practican, se non estivera sostida por paredes sólidas e ben trabadas, suposición que se afirma ó fítar os parapetos de algunhas de elas que caen sobre o chan case verticalmente, como ocorre en San Salvador, Campos e Piñeiro, nas que baixan, por algúns lados, por comprobante perpendiculares ó piso do emprazamento.

Mais, a camada vexetal que cobre os castros melidenses, é, pol-o xeneral, tan meseta que soio en catro de iles foinos posibre dexergar ou revestimentos de pedra (Piñor e Vilourfz), ou vestixios craros da súa existencia (Paradela e Vimianzo).

Outra custión intresante é a relativa á disposición dos parapetos na banda que se carea pra o interior do recinto cercado. Teñen algunhas das defensas de ista clas unha manitude tan extraordinaria que as convirte en verdadeiras murallas, como son, por exemplo, as do castro de Quinzán, que atinguen 18 metros de altura; as de San Cosme, que chegan ós 12; as de Paradela, que teñen 7, e as de outros moitos que andan pol-os 6 e 4 metros. Vese pol-a soia mención distas cifras, que non se trata eiquí dun flebe e baixo parapeto, erguido pra protexer, a meias, ós homes que tras de il se colocasen, se non dunha muralla outa e pouco doada de gabear. Ora, que caste de proteición era a que brindaba a parte superior diste muro ós seus defensores?

Terían empalizadas como os *oppida* dos bretóns, ou entretecidos de polas coma os dos belgas ou estarían garnecidos de paus afiados coma os dos Aduatucos? Disgraciadamente, César non escribiu os *Comentarios* das súas campañas en Galicia e non contamos ca valiosa información con que contan os historiadores dos galos e aínda é ben pouco probable que a espoliación metódica dos nosos castros chegue a escrarecer este punto, xa que é lóxico supor que a parte alta dos valos non se conserve en ningunha estación.

Unha hai en troques que nos fornece un dato importante respecto á disposición da cara interior das murallas. No castro de Río (Val de Vilamarín), ollamos un valo de regular altura que baixaba con pendur relativamente lene pol-a parte de dentro, e ó esaminalo con coidado, notamos que estaba provido dunhas muradelas idénticas ás que sosteñen os socalcos das viñas, e que servían ó xeito de escadeira pra atinguir o seu coroamento. Non-os foi posíbre albiscar un dispositivo análogo en ningún castro dos que agora estudamos, cobertos case sempre de vizosa frouma; mais pol-o xeito e feitura das murallas de algúns de iles, e moi especialmente dos de San Cosme e Quinzán, coidamos que as muradelas en socalco, non debían seren cousa descoñecida no val do Furelos, anque novamente insistamos no carácter provisorio das nosas hipóteses e na necesidade de varias campañas espoliatorias, se queremos formarnos unha idea clara da estrutura e particularidades das defensas castrexas.

Xuzgando soio pol-o que istas defensas deixan ver na aitualidade, alcontrámonos con que na terra de Melide predomiñan considerablemente as feitura sinxelas, de recinto único, en ocasións sen foso (San Cosme, San Salvador, Santalla de Agrón, Baltar, Paraños, Donide, Marrás, Moldes, Graña, Castro de Lobos, Codesal, Brañas, Vilouriz, Piñeiro, Visantón e Beigondo), n-outras c-un foso (Corbelle, Barreiro, Pedrouzos, San Xiao do Monte, Oleiros, Paradela, Vilamor, San Romao, Serantes e Vilar de Ferreiros) e n-outras aínda con dous fosos (Quinzán, Seixas e probablemente Campos).

O dispositivo en antecastro ofréceno somente, Castro Pedro, Varelas e Novela e o tipo de recinto dúplice e concéntrico conta co único exemplar de Pezobrés ou Belmil.

Diste conxunto, bastante uniforme, compre destacar as defensas dos Castros de Brañas, ordeadas n-un recinto central con foso e tres antecastros, dividida unha dilas en dúas metades por un forte parapeto, dispositivo completamente novo pra nós, e que quizáis sexa único en toda a Galicia, e así mesmo mencioar o coroamento dun dos parapetos da banda do norte dos castros de Quinzán, que pol-a súa anchura de oito metros, constitúe un feito curioso e dino dun estudo detido.

AS PORTAS

Son relativamente poucos os castros catalogados que presentan na aitualidade claros vestixios das súas antigas portas. Óllanse nos máis de iles sendeiros que gabea pol-os terrapréns e camiños que fendem os valos ou que somente os encetan; sendeiros e camiños utilizados oxe pra o servizo dos traballos agrícolas, ou da recollida de esquilmo ou de leña, que de cote se levan a cabo nos recintos das croas. É moi posi-

bre que en máis dun caso estean feitas tales entradas sobre as primitivas entradas castrexas, mais os continuados derrumbamentos e denudacións deberon desfigurar tan completamente o seu dispositivo antergo, que pol-a soia inspeición dos locais non se pode dexergar cales son as portas modernas e cales outras son as que teñen máis antigo orixe.

Cinguirémonos, pol-o tanto, niste apartado á describer aquelas entradas que presentan sinais máis ou menos evidentes, de haber estado protexidas por obras especiais, anque en moitas ocasións non poidamos precisar a verdadeira estrutura de tales obras e teñamos que contentarnos con indicar a súa existencia e disposición probabre.

O xeito de porta máis frecuente nas rexións occidentais de Zamora e Salamanca, que é, asegúñ Gómez Moreno (*Sobre arqueología primitiva de la región del Duero*), a que se facía «revolviendo el muro en callejón hacia el interior por largo trecho y con ingente bastión a un lado», é posibre que tivesen as entradas dos castros de Baltar e Paradela, nos que alcontramos solucións de continuidade do parapeto, rematadas por dous lixeiros reviramentos, quizáis derradeiro resto dunha entrada en canella, que, dende logo, debía ser menos desenvolta que as suas similares de Castela e estar faltosa do bastión de que fala o ilustre profesor madrileño.

Unha porta de tipo imitante ostenta en troques, con enteira craridade, o castro de Pedrouzos, embora áchese combinada con outros elementos e ordeada de xeito algo difrente. Ten ista porta defensas exteriores e interiores, consistindo as primeiras en dúas, ó parecer, torres triangulares, erguidas na liña da trincheira do foso, e as segundas en dous reviramentos do parapeto, que deixan un pasadelo estreito que aparez agora c-un trazado curvo, máis que outrora quizáis se dispuxera en ángulo reito, de maneira semellante á dunha das portas de Numancia, descubertas por González Simancas (*Las fortificaciones de Numancia*) e a da acrópole de Chun Castle, no Cornwall, estudada por E. Thurlow Leeds (*Excavations at Castle in Penwith, Cornwall*.)

Outra forma de entrada que ollamos con algunha abondosidade en terra de Melide (castros de San Xiao do Monte, Pezobrés, Vilar de Ferreiros e Codesal) e a de paso estreito, flanqueado por dúas torres colocadas na liña do parapeto, torres cuia feitura non poidemos determinar, e que se representan por abultamentos ben visibres, sendo de notar que no de Codesal unha das torres debeu emprazarse por riba dun penedo que aínda existe.

Outras veces, os abultamentos denunciadores das obras defensivas da entrada, non aparecen na liña do parapeto senon á carón de il, i-en ocasións á bastante distancia (Paraños), ocorriendo n-algunha (Serantes) o ollarse vestixios de torres no parapeto e fora de il. Istas obras exteriores son, por veces, únicas (San Salvador) e máis xeneralmente dúas (Paraños, Vilamor, Serantes). No primeiro caso, a entrada no recinto facíase por dúas canellas que converxían na solución

de continuidade do parapeto e no segundo por tres, xa que as duas torres de fora deixaban entre sí un pasadelo. Compréndese doadamente que semellantes dispositivos tiñan, pra seren eficaces, que compretarse con seves, empalizadas ou outra caste de defensas acidentás.

Forma orixinalísima é a que ostentan as portas dos dous castros da parroquia de Brañas, e poida ser tamén que a de Quinzán. N-istas acrópoles o parapeto, en lugar de revirarse cara á dentro, vólvese pra fora, abrindo unha canella que se estreita conforme adiantan os valos que a flanquean. Tal feitura das defensas da entrada, que debía obrigar ós sitiados a combatir n-unha posición moi espоста ós tiros dos atacantes, non-a temos atopado deica agora, máis que na bisbarra de Melide, onde parez ser que as portas con proteición de obras exteriores, deberon de estar moi en uso.

O derradeiro tipo de entrada, ollámolo no antecastro que remata pol-o oeste a complicada arquitectura dos Castros de Brañas. Áchase ista entrada esmoronada de tal xeito, que soio deixa presumir se se trataría dunha rampa, protexida lateralmente por dous muros de feitura imitante á que ten unha das portas, con escaleira, da citania do Santa Trega.

O ABASTECIMENTO DE AUGAS

En ningún castro da bisbarra ollamos fontes, nin puzos nin reservoiros de auga semellantes ós que se descubriron en Briteiros e San Cibrán das Lás. Algúns de iles alcóntranse emprazados por riba de ríos ou de regatos (Brañas, Paradela, etc.), e outros teñen ó seu pé, ou moi perto, fontes (Donide etc.); mais, insistindo no que n-outros fascículos diste catálogo levamos dito, repetiremos que o aproveitamento de ríos e fontes debía sere pouco menos que de imposible realización, á vista dunha tropa sitiadora, á menos que admitamos a existencia real dos camiños sotérreos que tan á fartura aparecen no folklóre castrexo.

Carecemos en absoluto de informacións respecto ó modo cómo os galegos do posthallstático, espunaban as acrópoles; mais se a táctica dos sitios non lles era descoñecida, hai lóxicamente que admitir que dentro dos valos dos castros debían de existir manantiás, pozos ou reservas de auga gardadas en depósitos ou cisternas, vindo aínda á confirmar a nosa crencia o achádego dunha condución e dun depósito en Briteiros, dun puzo en San Cibrán das Lás e dunha posíbre cisterna no castro das Fontelas.

AS HABITACIÓNS

Os contínuos remeximentos á que istán sometidas as áreas centrais dos máis dos castros da bisbarra de Melide, e a mesta vexetación que cobre a superficie dos restantes non nos deixaron ollar en ningures alicerces de casarellas e soio en Piñor e Vilouriz, poidemos observar que os recintos cercados estaban compretamente inzados de pedras pequenas, que pol-a súa abondosidade e espallamento, coidamos deben de provir de casopas derrubadas, aparecendo asimesmo pedras pequenas en Donide, Campos, Brañas, Seixas e Beigondo, cuia procedencia áchase confirmada pol-o achádego, que á súa beira fixemos, de numerosas *tégulas* e *imbrices*.

Non presenta, a pesares de elo, ningún dos castros que catalogamos, a manitude das verdadeiras citanias e aínda os cachotes das casarellas son moito máis miudos que os que se usaron na construción das casas do Trega, Troña, San Cibrán das Lás, Briteiros, Santa Lucía, etc., sendo posíbre que se trate eiquí de restos de casopiñas erguidas xa en época romana, ou quizáis nos tempos das invasións de suevos e vándalos, tempos en que a plebe galega, conservaba, asegúñ testimoio do *Cronicón* de Idacio, castelos seguros, que non debían seren outra cousa que os antigos castros, utilizados entón como centros de refuxio e de resistencia.

OS OBTETOS ASOELLADOS

Queda xa feita mención de moitos de íles (machado prano de Marrás ou Donide, acobillo de Campos e machados de talón de Vimianzo e Oleiros), debéndose advertir agora que a localización de tales achádegos dentro dos recintos castrexos, non é completamente segura, por ter sido asoellados todos aquiles oxetos por labregos que empregan frecuentemente a voz *castro* pra desinar a acrópole e os terreos veciños, embora teñan istos en galego as súas denominacións especiás de *socastro* e *cabicastro*, que infortunadamente, pra a boa e esaita localización dos achádegos, van caíndo en desuso.

Fora de aquiles machados de cobre ou bronce, rexistramos apenas a aparición, en Campos e Paradela, de muiños de man, do tipo de dúas moas redondas, corrente n-istas estacións e a de catro testos cerámicos decorados, n-un castro da bisbarra, seguramente no que se ergue á entrada da vila de Melide.

Están tales cerámicas na colección Álvarez Carballido e semellan pertescer á dúas vasixas feitas á man, de terra non moi pura e de paredes grosas. Presentan os dous anacos da primeira vasixa (lámina VIII, núms. 1 e 2), unha decoración de riscos fondos e hourizontás, e por baixo de íles unha zona formada por series de curtas liñas estampadas, dispostas verticalmente, pouco fondas e moi xuntas. Os dous testos do segundo vaso (lámina VIII, número 3), ostentan dúas series de estilizacións de paxaros de auga ó xeito de SSSS, afastadas entre sí por unha saiencia de seición triangular e limitadas, polo menos, por un dos seus lados, por tres riscos fondos gravurados hourizontamente.

Ambas decoracións son frecuentísimas nas cerámicas castrexas, alcontrándose as series de liñas curtas, que por veces óllanse dispostas con pendur moi acusado, en testos de San Cibrán das Lás, de Troña, etc., e as de SSSS, en Domaio, Trega, Troña, San Cibrán das Lás, Briteiros, Sabroso, etc., sendo de notar a grande extensión diste motivo, que procedendo quizáis da cultura vilanoviana, aparece en Alsacia, en Hallstatt, na Alemaña, na Bretaña (Plouhinec Kervitré, etc.), i-en Gales e no Cornwall (Chun Castle, Hengistbury, Treveneague), adornando cerámicas, cintas e xoias como adornan o bracelete trasmontano de Lebuçao e un torques de ouro da provincia de Lugo, que está na colección Blanco Cicerón, de Santiago de Compostela.

A VECIÑANZA CON OUTROS XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS

Abondando a rexión de Melide en castros e mámoas necesariamente teñen que aveciñar unhas cas outras, mais a súa proximidade faise máis patente nas acrópoles de Barreiras e Serantes, que se ollan arrodeadas de grupos de túmulos.

Casos semellantes témolos observado xa n-outros lugares da Galicia, por exemplo no castro de San Facundo, que se ergue moi perto dunha necrópole e no Meimón cercado por mámoas que aínda non hai moito tempo conservaban íntegras as súas correspondentes antas, e aínda en ocasións alcontramos as moreas tumulares emprazadas dentro do recinto castrexo (Río e Negros.)

É posíbre que istes feitos obedezan, algunhas veces á existencia de lugares sagrados, milenariamente conservados, e n-outras ó apego das xentes ó seu habitat, que lles obrigou á procurar acocho no outeiro máis cercano ós lugares abertos en que vivían en épocas máis asosegadas e menos guerreiras.

Importancia capital pra valorar a influencia do latinismo nas culturas indíxenas e máis n-un país coma o noso de romanización predominantemente itineraria, téñen a a determinación do trazado das vías principás e a esculca das estradas secundarias que debían avencellalas entre sí. A rexión de Melide, era atravesada do oeste ó leste por unha de aquelas vías principás, a sinalada co número XIX no *Itinerario de Antonino Augusto Caracalla*, publicado por Parthey e Pinder, e a máis antiga das catro que ían de *Asturica* á *Bracara*, quedando emprazado no seu territorio a mansión *Brevis*, intermeia entre *Asseconia* e *Martiae*.

A localización distas mansións ten sido moi discutida, e aínda oxe non está fixada con esaititude, á pesares do cal, podemos descartar, dende logo, como trabucado, o parecer de Cornide, seguido por Vicetto, na súa *Historia de Galicia*, asegún o cal, a vía metíase por terras de Deza, situándose Asseconia en Asorei e Brevis en Erbo.

Máis atinado e o parecer de Barros Sibeló (*Antigüedades de Galicia*) que leva o camiño romano dende Dines (Asseconia) por Viladavil, Golán e montes de Gondollín, ata bater en San Salvador de Aveancos (Brevis), seguindo logo «una curva desusada por el viajero y algunas rasantes que se dirigen a Portela das Seixas», pra atinguir o val do río Ferreira e Marzá da Ulloa, emprazamento de Martiae.

Antonio Blázquez (Nuevo estudio sobre el *Itinerario de Antonino*, B. de la R. A. de la Historia, vol. XXI, 1892) seguindo á Saavedra n-iste seu primeiro traballo, localiza Asseconia, en Quión; Brevis, en Melide, e Martiae en Marzá, e precisando con maor esaititude na Ponte de Meixaboi; mais n-outro segundo estudo, (*Vía romana de Braga a Lugo por el Interior*, B. de la R. A. de la Historia, vol. LXXIII, 1918), fixéndose no dito por López Ferreiro, «respecto de la vía conservada en las inmediaciones de Carcasía, del hallazgo de una miliaria en San Julián de Sales, de las noticias del paso de la vía por cerca del Pico Sacro y del miliario encontrado cerca de Retorta en el camino de Mellid a Lugo», concruie pondo á Asseconia no despoboado de Aixón; á Brevis en Biñós, no concello da Arzúa e ó pé da Ulla, e sinalando como pasos probabres da vía as pontes de Beigondo e Choréns, pra levala logo ó Pambre e á Marzá.

Sen tencionar meternos na mesta frouma das distancias itinerarias e do valor en metros da milla, custión a primeira xa complicada de por sí i-enliada aínda no anaco de vía que nos ocupa, pol-a aparición dunha *tésera* militar (Blázquez. *Cuatro téseras militares*, B. de la R. A. de la Historia, vol. LXXVII, 1920), na que aparecen as distancias mansionarias entre Asseconia e Martiae c-unha suma menor de millas que as consinadas como máis auténticas nas edicións do *Itinerario*, diremos somente que de todas as reducións propostas pra Brevis, a que máis nos satisface é a de Saavedra, que coloca tal mansión en Santa María de Melide, debendo seguir o camiño romano o mesmo trazado que o antigo camiño de Santiago, que entra en terras melidenses pol-a parroquia de Barreiros, seguindo despois pol-a de Melide e logo pol-a gándara que arrodea a vila pol-o leste e sul, pasando pol-as pontes de Furelos e do Liboreiro, pra continuar a Ponte Meixaboi (Martiae), localización que se afirma por acharse desinada tal mansión na *tésera* denantes citada como *Ponte Martiae* e non haber na veciña aldea de Marzá, nin río nin ponte, sendo posíbre que iste nome sufrira algún desprazamento na época romana ou n-outra posterior.

Ten o seu favor o trazado proposto por Saavedra, o sere o máis lóxico, dereito e doado, coincidindo case, n-iste trozo, co da moderna estrada de Santiago á Lugo, e falan tamén o seu prol as circunstancias da súa coincidencia co vello camiño das pelesrinaxes que, asegún Ballesteros (*Historia de España*), ía pol-as vías romanas desde o Pireneu, deica á Pamplona, Logroño, Burgos, León, Astorga, Lugo e Compostela, e a grande antiguidade que as xentes da bisbarra apoñen ás pontes de Furelos e do Liboreiro, circunstancias que se non dan no trazado que derradeiramente sinalou Blázquez, pol-o que non pasa ningún camiño antigo importante, sendo, por outra parte, as pontes por el mencionadas, sinxelos pontillóns que non teñen ningún recendo antergo.

Os efectos romanizadores desta vía, non se dexergan con claridá na rexión melidense, que carece de epigrafía latina, aparecendo como unha terra erma entre os grupos máis ou menos nutridos de Iria-Santiago, Cíbdadela e Lugo, e tampouco temos noticias de achádegos importantes de moedas nin da aparición de restos arqueolóxicos da época da domiñanza romana, podéndose tan soio apuntar como vestixios da súa influencia, as tégulas dos castros de Donide, Campos, Brañas, Seixas e Beigondo e as numerosas que, en compañía de ladrillos e pedras, atopou D. Alfredo Álvarez, o esprorar unha morea de aspeito tumular, do monte de Melide.

CONSIDERACIÓNS FOLK-LÓRICAS

Foron catalogados n-esta bisbarra 39 castros, dos que 31 teñen folk-lore recollido. Outros 8: os de Codesal, Lobos, Brañas, Castros de Brañas, Vilouriz, Santalla, Baltar e Barazón, non deron n-iste inquérito ningún rendemento de lëndas, o cal, naturalmente, non quer decir que ás non teñan.

Os temas das recollidas son pol-o xeral uniformes e pouco variados, predominando o das trabes d'ouro e d'alquitrán, e o da galiña con pitos. Irémolas ensamiñando pol-o orde adoitado n-iste catálogo.

OS HABITADORES DOS CASTROS

Os *mouros* aparecen coma construtores, habitantes históricos ou habitantes hodiernos, en 20 dos castros catalogados. En moitos casos non está craro se aínda viven no sitio ou xa non.

Nos de Marrás, San Salvador, Corbelle e San Cosme, dícese que viviron alí os mouros, mais dánse coma cousa *pasada* e histórica. No primeiro fican aínda as *casas* diles por baixo da terra; no segundo e no derradeiro, deixaron *riquezas* e ouxetos preciosos. No de San Xiao do Monte, especificase que *tiveron que marchar por mor das guerras que lle facían*, indubidabre contaminación erudita. En troques, no de Beigondo, transición antr'a lenda histórica e a lenda mítica, *aínda hai pouco* que vivían. Hai pois toda unha gama de conceptos populares, que nos parez fortemente istrutiva no tocantes á formación do mito e ás súas reitificacións e contaminacións posteriores: as tradicións milenares referentes ós antigos habitantes dos castros, *mitificouse* primeiro, ou colleu elementos míticos; trocou logo a identidade histórica dos persoaxes, pondo os mouros no canto dos antigos pagáns, xa case identificados nos seus atributos cos espíritos da natureza—se os espíritos da natureza, as razas de espíritos, xenios ou demos, non son as máis das veces lembranza mitificada de poboacións históricas estintas—e cos deuses tópicos; e por fin, a historia semi-erudita *historificou* en moitos casos a lenda, e arriostrou en todos o troque da identidade dos persoaxes.

Exemplo d'esto derradeiro é o caso de Oleiros, en qu'os mouros son desñados co nome de *sarracenos*. Ora, cal é a razón da preferencia da mesma historia erudita pol-os mouros? O saberse moito máis dos mouros que non dos antigos habitantes de Galicia. Pode ser que dentro d'algún tempo, ca extensión e vulgarización dos modernos inquéritos da prehistoria, as lendas que non desaparezan da memoria popular, volvan trocar de persoaxes.

Cal é o axente d'historificación das lendas? A historia erudita ou semi-erudita, pode vir ô pobo por moitos vieiros: a escola, o libro, o xornal, as viaxes, etc.; mais pol-o d'agora, entendemos qu'o axente mais importante é o púlpito, que é aínda a cadeira docente que mais amiudo e por mais tempo exerce o seu mester sobor dos labregos. Ora, a Eirexa nas súas prédicas tense que referir moitas veces ós mouros e á súa estada na Hespaña, e contribúe á manter viva a súa lembranza; en troques, pra nada ten que falar dos nosos denantepasados prehistóricos.

Cecáis debemos entender tamén coma mouros os *negros* do castro de Pedrouzos. Sabido é o equivoco das verbas *negro* e *mouro* na nosa lingoa, o cal fixo sospeitar a Murguía (1) que os mouros castrexos eran chamados mouros por seren concebidos pol-a xente coma negros. Non crêmos que se poida sostêr hoxe o pensar do noso grande historiador, que tiña ós mouros da lenda coma primitivos deuses ou xenios. Xa indicamos n-outros fascículos d'iste catálogo, e aínda repeti-

(1) Galicia, Barcelona, 1888. (Col. España y sus monumentos) p. 211.

mos mais enriba, a confusión histórico-miteca á que responde a tradición dos mouros dos castros, asegúñ toda verosimillanza. En todo caso había ser curioso pór en craro se no caso do castro de Pedrouzos, o informante empregou a verba *negros* coma sinónimo de *mouros* ou a empregou respondendo a outra idea. E eiquí non viría mal o falarmos da dificultade dos inquéritos folk-lóricos, nos que as máis das veces compre recostruir o proceso psicolóxico do informante; mais non podemos insistir n-esto arestora.

Istes mouros d'esta bisbarra—como aliás os outros habitantes dos castros—son como en todos lados, ben ricos, e teñen *camiños por baixo da terra* (Paradela, Graña, Visantoña) pol-os que, antre outras cousas, *levan á beber os cabalos*, no de Paradela no puzo negro dun regato, no de Visantoña, no río da Ulla.

Coma n-outros lados, os mouros *chaman pol-os porcos* que van pacer ós castros. No de Novela empregan o curioso eufemismo de lles chamaren *touros*. Os informes non nos dín porqué; tería intrés o saber se a xente pensa que ós mouros estalles interdito o porco—o cal me non parez probabre—ou sinxelamente pronuncial-a verba. Non podemos, sen outro fundamento, faguer suposicións d'esta clás; mais non embargante, compre observar á iste respeito, a importancia que na feiteiceiría teñen as verbas, e tamén o eufemismo. Os pobos primitivos sustitúen as verbas *tabu* por outras, ás veces moi alonxadas na sinificación da verba defendida; con verbas pódese enganar ós espritos e ós animás: algunhas tribus eskimás, cando matan un oso, despois de morto convéceno de que iles non foron, senón il que caíu e matouse; ós animás hai que chamarlles moitas veces con certos nomes de honra ou d'agarimo: en Francia chamábanlle ó oso *pied doré* ou *pied de miel* e á donicela *Arduinne*, e nós *donosiña*, é témola que tratar con loubanza, e tamén chamamos *Marica* á pega, etc. Non colle dúbida qu'o conto de chamaren os mouros de Novela *touros* ós porcos, responde a iste circo de ideas. Cecáis que o caraite despeitivo dos nomes *porco* e *marran*, puido orixinar un eufemismo máxico cuio recordo nos conservou a lenda.

O *roubo dos nabos* pol-os mouros, nas Varelas, semella a apricación ós mouros d'un caso acontecido antre veciños. Cumprida humanización dos habitantes dos castros, tan deshumanizados, ou pol-o menos sobrehumanizados n-outras historias. E ó tempo, poidera ser tamén un exemplo, se cadra, de *lëndización* d'un acontecemento real e cecáis recente.

Hai, craro está, moitos casos en que os habitantes dos castros non son desñados coma mouros, asegúñ temos ollado nos de Trelle, Mourillós e outeiros de Rubiós e de Pazos, na bisbarra de Celanova, e n-outros citados no traballo de Vicente Risco: *Da mitoloxía popular galega: Os mouros encantados* (núms. 43 e 45 de *Nós*) e non recollidos aínda n-iste catálogo.

Nos castros da terra de Melide, atopamos:

Donas, mozas ou *señoras* (Pedro, Pedrouzos, Barreiro Meire, Piñor Novela e Serantes).

Un Señor encantado (Pedrouzos).

Negros (idem).

Seres indeterminados (Novela).

Galiña con pitos (Oleiros, Donide, Corbelle, Meire, Moldes, Pezobrés e Serantes).

Pombiña branca (San Salvador).

Ovella branca (Serantes).

O demo e pantasmas (Quinzán).

Encantos (Vilamor, Pedro, Corbelle, Meire, Novela e Marrás).

Pol-o derradeiro—indubidabre influencia erudita—aparecen coma construtores dos castros os *romanos*, nos de San Cosme e Santa María de Campos.

Coma s'ouservará pol-a repetición dos nomes dos castros en moitos d'istes apartados, á un mesmo castro pódense referir lèndas difrentes, que non teñen porqué ter relación unhas cas outras, sendo de feito case de cote independentes. Isto acontez en case todol-os castros de Galicia, mais compre ouservalo e telo en conta, porque, de que haxa unha lènda que diga qu'un castro está habitado pol-os mouros, e outra nos fale de unha dona encantada no mesmo castro, se non pode deducir que tal dona sexa moura, nin que estea encantada pol-os mouros.

Iremos agora estudando arredadamente cada unha de estas castes de habitantes dos castros.

DONAS

Forma das máis adoitadas nas lèndas castrexas, e que compre irmos reducindo ós seus tipos fundamentás. Eiquí, antre outros non ben determinados, atopamos catro temas moi repetidos en toda a nosa área etnográfica:

O da *tenda*.

O da señora que *bota de comer ós porcos*.

O da *dona coxa*.

O do conto dos *tres moletes*.

O da tenda aparece eiquí somentes nos castros Pedro e de Meire. Coma de cote, trátase de atinar ca resposta que lle hai que dar á señora da tenda, do obxeto que compre escoller. O iñorante escolle as tesouras (eiquí *tixeiras*) e fica punido ca perda da vista. Hai eiquí tres cousas que ouservar:

1.^a O tema da resposta e da escolleita. N-outros lados (Punta do Neixón na ría de Arousa) a resposta sole ser:

Gústame a tendiña

e máis á señoriña (1)

no cal hai primeiramente unha sorte de enigma da Esfinxe: probe do que non dea ca resposta xusta! E a resposta é un misteiro soio sabido dos seres encantados, e pra podela dar un home do noso mundo, compre pol-o xeral que sexa adevetido por alguén. Atopamos, pois, eiquí o misteiro da sorte e do sino.

(1) Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brei, *Prehistoria galega. O Neixón*, Bol. da R. Academia Gallega, tomo XVI, p. 105.

Seguidamente, sole haber unha segunda intención moral: pol-o xeral, a cobi-za é castigada. O que escolle as tesouras é porque lle parecen o de máis valor. Compre ouservar que as lèndas populares solen levar moitas veces unha intención educativa, coma que son a pedagogía do pobo.

2.^a O caraite maléfico das tesouras. Sábese qu'en moitos lados tense coma de mau agoiro o deixal-as tesouras abertas riba da mesa, coma tamén dous coite-los postos en cruz. As tesouras veñen ser dous coitelos cruzados. Lembremos ta-mén o bidente do demo, e as dúas gallas da vara fulminante, a vara d'abelaira da máxia negra, da máxia preta liberal, de que se fala nos vellos grimorios.

Ousérvese o sinificado máxico qu'o pobo dá a moitos trebellos d'usanza fami-liar e caseira (a basoira, as tesouras, a roca, a artesa d'amasar) e que todos iles solen ser os empregados pol-as mulleres. Ora, a bruxería e o sacerdocio satánico foron nas lèndas medievais, cousas de mulleres principalmente. Poidera haber nisto lembranza de sacerdocios matriarcás primitivos, condenados despois coma malditos,

3.^a A perda dos ollos coma castigo do que non soupo escoller, de que viu o invisibre, o que non debe ser visto; do que foi introducido no outro mundo e non atinou pra s'acomodar ás suas leis. Véxase o que dicimos máis adiante sobre iste tema, no parágrafo tidoado *A Crarividencia*.

A señora que bota de comer ôs porcos, tan repetida, aparece eiquí somentes no castro de Piñor. Relacióase cos mouros de Novela e con outros moitos. Compre apuntar esa afeición dos nosos mouros ôs porcos, cando ôs mouros verdadeiros es-tálles defendido. Xa nos temos referido á iste feito. (1)

A dona coxa do castro Pedro é tamén moi frecuente no folklore dos castros. Ôs desencantadores do Castro Morgadán díxolles unha sabia que o tesouro do castro pertescía á unha moura coxa que fora monxa. Os coxos, pol-a desarmonía do seu andar asimétrico e sen compás, solen aparecer ô senso popular coma cou-sa torta e maléfica. A dona coxa ten de cote algo de bruxa.

Tocantes ôs tres moletes, debemos facer un novo apartado.

O CONTO DOS TRES MOLETES

Iste conto atópase tamén en Asturias. Aurelio del Llano (2) reproduz catro versións difrentes, nunha soila das cales aparece o castigo da muller indiscreta, do que se libra por ter o home ensaiado n-un arbore a fita encantada. Constantino Ca-bal (3) trai dúas máis, e anota unha variante da primeira na que s'atopa o regalo da fita. Na revista *Nós* (4) publicouse unha versión galega diste conto, que nos foi dada co tído de *A fonte d' Ana Manana*. A mesma lènda haina en Portugal. (5)

(1) No traballo citado en col de *Os mouros encantados*.

(2) *Del Folk-lore asturiano, Mitos, supersticiones, costumbres*, Madrid, Voluntad, 1922, páxs. 88 e 93.

(3) *La Mitología asturiana. Los dioses de la vida*, Madrid, Voluntad, 1925, páxs. 52-55 e 82-84.

(4) N.º 39, Marzal, 1927, páxs. 15 e 16.

(5) *Revista lusitana*, 1927. 64.

Cabal relacioa iste conto co-as ofrendas de pan nas fontes dos antigos galegos, asegún San Martiño de Braga. (1)

O conxuro:

*Aureana, aureana,
toma o bolo que che dá a tua ana*

lembra o sonsonete do nome d'Ana Manana, e o do conxuro asturián:

*Inxana, inxana
tu madre te llama.*

Sabido que as *xanas* son as donas das augas e das fontes en Asturias, e o seu nome semella derivarse de *Diana*. Virá Ana Manana d'unha xana Manana ou iana Manana?

Aureanus chaman ás lavadeiras do ouro do Sil, verba que dende logo semella derivada do *aurum* latino, e verosimilmente ten orixe erudito; mais cal é a súa orixe? Cal foi o senso orixinal que tivo a verba n-iste conto? E aínda, que relación pode haber antre estas tres verbas: *xana, aureana, Ana Manana*?

Tocantes á fita máxica regalada pol-a *aureana*, coma dixemos comentando *A fonte d'Ana Manana*, lembra o cinto que Medea regalou a Erensa e que a queimou no seu pazo, e a túneca do centauro Neso qu'abrasou a Ércoles, sen qu'esto queira dicir que teña n-esas lëndas a súa orixe—posto qu'as lëndas clásicas non semella que foran antre nós coñecidas máis que de xente erudita—senón que todas elas responden á mesma orixe común.

Atopamos eiquí tamén o tema da curiosidade da muller que trai desdita, coma nos casos da muller de Lot, Psique, Pandora, Elsa de Brabante, a muller de Barba Azul, a rapaza que leva o ouro dos mouros e que ao ollalo vólvese carbón, etc.

O NENIÑO MAMANDO E A MULLER DE PARTO

En case toda Europa refírense casos de mulleres chamadas pra daren de mamar aos fillos das fadas, os cales están sempre mirrados e non medran. O mais común é que troquen os nenos, pondo os séus no canto dos das mulleres, os cales levan elas. O mito—ao noso ver d'indubidable orixe céltiga—atópase por exemplo en Asturias (2) n-esta segunda forma, que é a qu'adoitan tamén as *Korrigan* de Bretaña (3). Os seres do outro mundo semella que precisan zugal-a seiva dos mortais pra viviren. O mesmo senso d'esta idea teñen no fondo o sacrificio ofrecido aos deuses, o vampirismo (meigas chuchonas, etc.), o dar de mamar o dedo miudiño da man esquerda ao diabiño que se trai no agulleiro, no *Libro de San Cypriano*, e asina outras.

No Castro de Novela, unha rapaza chámana pra asistir á unha dona encan-

(8) *De correctione rusticorum* (Esp. Sag. XV, 331).

(9) J. Menéndez Pidal, *Poesía popular*, 345, cit. por Cabal, ob. cit. p. 111, nota 17.

(1) H. de la Villemarqué, *Barzaz Breiz*.

tada que está de parto. Tamén ll'aconteceu esto á unha costureira asturián, na cova da Cogolla, no monte de Naranco (1). Coidamos ver eiquí a mesma relación dos mortás ca vida dos seres do outro mundo, coma s'istes dependeran d'aquiles en moitas ocasións decisivas.

A CRARIVIDENCIA

Ó nenño do castro de Pedrouzos á quen vai dar de mamar unha muller, úntanlle os ollos cunha untura pra que vexa *com'os encantos*, pra que vexa o invisibre, as cousas ocultas. Esa untura dálle a crarividencia, como o unto das bruxas dálles o poder de desplazamento, de viaxaren voando pol-o ar.

No tocante ó emprego do unto pra provocarl-a crarividencia, temos que sinalar tamén a versión corrente, en Galicia e Portugal, de que, aquil que por trabucamento do crego, cando o bautizaron, puxéronlle, en lugar do olio dos vivos o olio dos difuntos, adquire a crarividencia. Ousévese que de cote trátase dunha *unción*. Non colle dúbida de que n-ista idea tivo que infruír poderosamente a cerimonia litúrxica, de cuio senso misterioso tíranse logo ampliamentos.

Mais, a idea do poder dos untos, é anterior ó cristianismo. A nosa relixión emprega a unción dos fieis no bautismo, na confirmación, nas portas da morte, na ordeación sacerdotal, na consagración dos reis; mais, nas relixións paganas, empréganse tamén á cotío, no sacramento dos sacerdotes e dos fieis, nas estautas dos deuses, etc. De cote, a unción semella levar a idea de abrir unha nova vida, de espertamento da i-alma, de conferir potencias espirituás.

Nas *Mil e unha noites*, hai tamén o caso de se espertar a visión do oculto mediante un unto apricado nos ollos. O unto é un meio ben doado de trasfusión. No conto que arestora citamos, apricando o unto á un dos ollos, adquírese a crarividencia, e apricandoo no outro, queda un cego. O home á quen llo apricaron, ve os tesouros ocultos; pensa que si llo dan no outro ollo, que vai ser dono de iles; despóis de moito pregar, aprícanllo e fica cego.

Tamén, no castro de Pedrouzos, é castigada a imprudencia da muller que revela ó señor do Castro o don que posê. Mais, eiquí hai outra ouservación que facer: o coidado dos seres encantados en manter oculto o seu mundo, en mantelo invisibre pra os mortás. Son moitos os casos nos que ista crência se pode comprobar.

OUTROS HABITADORES DOS CASTROS

Deixamos aparte as sinxelas aparicións que, no estado aitual das nosas coñecencias en col diste asunto, temos que sinalar coma atípicas: pombiña branca (que pode ser unha evolución da galiña de outros castros), ovella branca, demo, pantasmas e seres indeterminados.

Imos sinalar, somentes, o feito de dárenlle, en moitos casos, e case coma nome xenérico, ós habitantes dos castros, o de *encantos*. A sinificación segura dista verba é a

(2) A. del Llano, ob. cit. p. 35.

de seres encantados. Mais sendo outro como é o sinificado orixinal (de *encantare*, operar por meio de recitacións ou cantos máxicos, o *charme* francés, do latín *carmen*, canto), resulta que isto ven ser unha sorte de persoificación do aito máxico, coma persoifican tamén o *meigallo*, ou sexa a forza máxica (a que os etnólogos solen desinñar co nome polinesio de *mana*). O encanto áchase persoificado en moitas lèndas nosas. Un buscador de tesouros, gran ciprianista e entendido, verdadeiro fardel de lèndas e crências populares, decíanos unha vez que o encanto pódese presentar en calquera forma: de can, de home, de bois, de serpente, etc.

Pódese ver eiquí tamén a idea de que os habitantes dos castros están alí, non sabemos se querendo ou non; mais, en todo caso, mediante un encanto que lles botaron, encadeados pol-o encanto, encantados, n-unha verba. A idea atópase crara; por exemplo, n-unha lènda etimolóxica recollida en Xurenzás (Carballiño). N-ela dí termiñantemente que un rei mouro *encantoulle a filla* a outro rei (1).

A GALIÑA CON PITOS

Repítese sete veces, n-iste inquérito, e é das lèndas máis estesas en Galicia, Portugal e Asturias. Sólese dicir ás veces que o que seipa ir atrás da galiña, chega ó tesouro.

Compre advertir que, algunhas veces, a pita e os pitos son de ouro. Isto débese relacioar ca lènda da pita dos ovos de ouro, tan repetida.

Outras veces fálase tamén de tesouros consistentes n-unha galiña cos seus pitiños. todos de ouro macizo. O cal non deixa de lembrar a soberba galiña de ouro con sete pitos, que forma parte do tesouro regalado pol-a raíña longobarda Teodolinda á Catedral de Monza, na Italia (2).

Por certo que, Barros Sivelo (3), dá noticia e reproduce en lámina unha placa ou medallón de cobre, atopado no monte Pindo, perto do cadoiro do Ézaro, que se supón repersenta unha galiña rodeada de seis pitos. Diste xeito, ó menos a interpreta o etnólogo arxentino Sr. R. Lehmann-Nitseche (4). Pra iste señor, esa placa de cobre tería unha repersentación da costelación das Pléiades, a cal leva o nome popular de *a galiña e os pitos*, en Francia, Grisonia, Italia, Lorena, Alemaña, Ingraterra, Dinamarca, Checoeslovaquia, Rumania, os xitanos do Balkán e aínda en Siam, Cambodje, Borneo, Costa de Ouro, e outros lugares da África, si ben aínda se non atopou na nosa Penínsua, onde o nome corrente é «las siete cabrillas», anque, sí, na América de fala hespañola (Arxentina e os araucanos de Chile).

Atopamos, pois, eiquí, un duplo problema: primeiramente hai que ver si en Gali-

(1) *Nós*, número 5, San Xoan, 1921, p. 16.

(2) Pijoán, *Historia del Arte*, Barcelona, Salvat, t. II, páxs. 153 e 156.

(3) *Antigüedades de Galicia*, Coruña, 1875, p. 77.

(4) *Astronomía popular española: Un bronce antiguo con la representación de las Pléyades, hallado en el Monte Pindo, Galicia*, Boletín de la Real Academia Gallega, ano XVIII, núm. 148.

cia lle chamaron ou chaman ás Pléiadas a galiña cos pitos, e segundamente, vermola relación que ilo poidera ter ca galiña castrexa, forma tan frecuente do encanto. (1).

OS TESOUROS

Dos castros catalogados n-ista bisbarra, hai 25 que teñen tesouro. O máis común, é que sexan as consabidas trabes de ouro e prata, e cando non, é diñeiro, algunha vez metido n-un pote, coma os que ás veces se atopan nas casas vellas, e algunha outra, son ouxetos preciosos. Semella, ademáis, que a galiña con pitos é sinal certa de tesouro, como en todos lados.

E non hai nada máis de particular no tocantes ós tesouros.

A TRABE DE OURO

Aparez en 21 dos castros eiquí estudados, en seis de iles en compañía da de alquitrán, que n-un caso dícese de *fuego*, (tamén ás trabes chaman eiquí de cote *vigas*), e nos demáis, son tres trabes: de ouro, de prata e de alquitrán ou *fuego*, quitando no de Paradela, onde unha de elas é de diamante. E, por fin, no de Quinzán, son dúas de ouro e de alquitrán outras dúas.

Istas trabes van, coma n-outros lados, de castro á castro, as dúas ou tres xuntas, senon é no de Graña, en que a de ouro vai dar ao de Paradela, e a de alquitrán ao Pedro. Os castros, pois, están de diversa sorte comunicados: hai antre iles unha relación oculta, unha rede de conexións subterráneas pol-as que vai unha corrente de misteiro. Atal é o que se adiviña confusamente, axuntando datos dispersos da nosa mitoloxía popular. Hai unha chea de lembranzas, máis ou menos desfiguradas, que se fixaron nos nosos moimentos prehistóricos, e que somentes un estudo pacencioso poderá ir desentramando.

Non sempre as trabes se desifnan coma taes: no da Graña son *veas*, e no de Donide, *minas*. Xa temos indicado outra vez, que hai eiquí unha sorte de identificación cos filóns de mineral, ata pol-o detalle que vai seguir. As trabes son ás veces supreficiás, coma na Graña, somentes que se non poden coñecer ben, porque o ouro —ao fin ouro máxico dos encantos (ou engangado coma o metal nas minas)— imita pedra,

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS

Verbo disto, non atopamos nada novo: o conto da tenda, enriba comentado, pódese pôr antr'os referentes á desencantamentos. En Meire fálase do *libro de San Cipriano*, mais semella resultar que non hai quen o teña.

En troques, hai quen obtivo diñeiro por servicios prestados aos Señores dos castros (Vilamor, Pedro, San Cosme, Vilar de Ferreiros), ou pra pagalo silencio, no caso do roubo dos nabos pol-os mouros do castro das Varelas. Co diñeiro dos encantos, medraron casas e estudáronse carreiras. Mais tamén houbo quen se perdeu pol-a cobiza d'iles, coma no caso de Corbelle.

(1) Cf. Florentino L. Cuevillas e F. Bouza Brei, *Prehistoria e Folk-lore da Barbanza*, en *Nós*, núm. 52, 15 Abril 1928, p. 72 do vol. 5.º.

O QUE SE OUCE NOS CASTROS

Hai persoas que ten ouvido nos castros diversos soídos, indicio da vida subterránea.

Asina, no de Paradela, *xóuxelos* e *campanillas*, e no de Barreiro, *pandeiro* e *gaita*. Nada d'isto é novo: nas nosas colleitas inéditas, temos casos en qu'aparecen debaixo da terra homes e mulleres bailando con música, e tamén xigantes que danzan ô son da gaita. O cal non deixa de ter relación cas danzas dos *Elfen* e dos *Kobold* das terras do Norte, dos *Korrigan* da Bretaña, etc.

Fora d'isto no castro de Novela, como en moitas outras partes, o chao sona a vao, e resoa, cando se bate n-il.

O RAPAZ ENCANTADO

Referímonos ao do castro Pedro, apegado á pedra, imovilizado, coma en tantas lëndas nórdicas.

Iste conto relaciónase por outra banda cas historias d'antropofaxía dos mouros, a que nos referimos no traballo en col dos *Mouros encantados*, e tamén ce-cáis cos roubos de rapaces novos das *Korrigan* e fadas nórdicas.

A MULLER-PANTASMA

Cos enganos das fadas nórdicas débense relacioar tamén: a moza fiando do castro de Meire, que se desfai ô chegar a ela, e os encantos que parecen mozas do de Novela. Trátase de seducir ôs homes co engado das mozas pra atraguelos ô perigo que sèmpre hai nos lugares encantados.

Rematouse de imprimir en "NÓS,
Publicacións Galegas e Imprenta"
Hortas, 20 - SANTIAGO
o 29 Setembro de 1931

